# ateneo ferrolán

NÚMERO 0 • AÑO I • MARZAL, 1980



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1979

R.11.351

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Cuaderno
# ATENEO FERROLAN

Número 0
Ano I
1980

Director da Publicación:
Xosé Ponte Far

**Edita: ATENEO FERROLAN**

**Portada: XOAN XOSE BRAXE**

**Depósito Legal: 131 - 1980**

**Imprime: Vda. MIGUEL LOPEZ TORRE - Real, 4 - Telef. 430057 - PONTEDEUME**

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

# Cuaderno dedicado a

ALBERTO SÁNCHEZ
CELSO EMILIO FERREIRO
EDUARDO BLANCO AMOR
ALVARO PARADELA
BLAS de OTERO

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Indice

1. XUNTA DIRECTIVA.

2. LIMIAR (bilingüe).

3. VOCALIAS:

   3.1. Publicacións.

   3.2. Ciencias e Humanidades. Fallo do I Concurso de Ensaio.

   3.3. Teatro.

   3.4. Cine.

   3.5. Música.

   3.6. Artes Plásticas.

4. HOMENAXE A ALBERTO:

   4.1. Alberto e o Ateneo.

   4.2. Carta de Clara Sancha.

   4.3. Valeriano Bozal: «Alberto Sánchez, hoy».

   4.4. Enrique Azcoaga: «Las iniciales grandiosas...».

   4.5. Joaquín de la Puente: «Alberto y su monumentalidad».

   4.6. Antonio Aguayo: «A muller na obra de Alberto».

   4.7. Rosa María Cervantes: «As pombas na obra de Alberto».

5. LEMBRANZAS:

   5.1. **Celso Emilio Ferreiro.**

      5.1.1. Carlos Alvarez: «No esta nueva nos vino atravesando el mar».

      5.1.2. Siro López: «Aproximación ao home-poeta Celso E. Ferreiro».

      5.1.3. Xosé A. Ponte Far: «Catro notas a destacar na poesía de Celso E. Ferreiro».

      5.1.4. Xosé López Gómez: «A Celso Emilio Ferreiro, bardo dunha terra» (poemas).

5.1.5. Xoán Xosé Fernández Abella: «Homenaxe a Celso E. Ferreiro, con algunhas verbas suas».

5.2. Eduardo Blanco-Amor.

M.ª Luz Couceiro Hérez: «Blanco Amor, escritor prá xente».

5.3. Alvaro Paradela.

Novo celtismo, novo druismo.
5.3.1. Dixo o bardo menhir.
5.3.2. ¡Adeus, Deus...! (Carta a Dom Deus).

5.4. Blas de Otero.

Poema de José Luis Cano.

6. COLABORACIONS.

6.1. Luis Otero Fernández: «¿A Otan: Solución ou problema pra España?»

# Xunta Directiva

Ateneo Ferrolán
en 1879

| | |
|---|---|
| **Presidente** | Xaime Quintanilla Rico |
| **Vicepresidente** | Luis Mera Naveiras |
| **Segredario** | Xosé Cabalo Abeledo |
| **Tesoureiro** | Manuel Bouzón Carro |
| **Contador** | Teresa Amorós |
| **Vocalía de publicacións** | Roberto Casteleiro |
| | Marco Mira Pascual |
| | Manuel Cruz Cousillas |
| | Manuel Bouzón Carro |
| **Vocalía de Ciencias e Humanidades** | Luis Mera Naveiras |
| | Guillermo Llorca |
| | Xoán Seco Cabana |
| | Xosé Cabalo |
| **Vocalía de Teatro** | Hortensia Pérez Landeira |
| | Rosario Quintanilla Rico |
| | Xosé Gómez Casal |
| **Vocalía de Música** | Antón Verdeal |
| **Vocalía de Arqueoloxía** | Armando G. Rivas |
| **Vocalía de Cine** | Alfonso Varela |
| | Miguel Vázquez |
| | Carlos Prado |
| **Vocalía Xestora de Edificio** | Manuel Couce |
| **Vocalía de Artes Plásticas** | Xoan Xosé Braxe Rei |

# LIMIAR

Cecáis a moitos de vosoutros, vos abraiará o feito de que o presente «Cuaderno» apareza numerado como «cero», despóis de xa ter saido o número tres, compre clarexar que tal circunstancia débese ao feito legal de ter de recomenzar tras conquerir todos os trámites (semella que denantes non soupemos facelo todo o ben que desexamos). Por tanto o noso boletín nace oficialmente nesta data, inda que sexa doado ver que xa o fai dabondo «crecido».

No Limiar do derradeiro exemplar (Que xamáis esistéu), facía eu promesa de labourar por conquerir un local e facer do Ateneo unha sociedade pluralista o servicio da defensa e desenrolo da nosa cultura.

O local —depóis de moitos avatares municipáis e políticos de todos coñecidos— está soio a falta da materialización da axuda ministerial, e desexo como todos que pronto sexa unha realidade, que engada novo pulo a o noso cotián facer.

Mais é no acadar a forma vital do Ateneo onde todos debemos aportar a moita ou pouca forza que poidamos, que en definitiva ten de ser o sangue que fará vivir a nosa benquerida sociedade. Depende por tanto da colabouración e participación de todos que o Ateneo siga a ser a mais puxante sociedade cultural da nosa cidade, ou por contra esmoreza lentamente.

Este número vai adicado princi-

Quizás a muchos de vosotros os sorprenderá el hecho de que el presente boletín aparezca numerado como «cero», después de haber salido el número tres; es preciso aclarar que tal circunstancia se debe al hecho legal de tener que recomenzar tras completar todos los trámites (parece ser que antes no supimos hacerlo todo lo bien que deseamos). Por tanto, nuestro boletín nace oficialmente en esta fecha, si bien es fácil comprobar que lo hace bastante «crecido».

En el prólogo del último ejemplar (que nunca existió), hacía yo promesa de trabajar para conseguir un local y hacer del Ateneo una sociedad pluralista al servicio de la defensa y desarrollo de nuestra cultura.

El local —después de muchos avatares municipales y políticos de todos conocidos— está pendiente solamente de la materialización de la ayuda ministerial, y deseo, como todos, que pronto sea una realidad, que de nuevo empuje a nuestro diario quehacer.

Pero es en el conseguir la forma vital del Ateneo donde todos debemos aportar la mucha o poca fuerza quepodamos, que será, en definitiva, la sangre que hará vivir a nuestra amada sociedad. Depende, por tanto, de la colaboración y participación de todos que el Ateneo siga siendo la más pujante sociedad cultural de nuestra ciudad o, por el contrario, languidezca lentamente.

cultura 879 Ferrol

palmente a figura do grande escultor Alberto, artista universal, do que no derradeiro mes de Santos conquerimos facer unha esposición. mostra da sua obra, feito que marca fito e siñala a maioría de edade do Ateneo.

Adícase asimesmo o boletín a lembranza de algúns dos esgrevios galegos que finaron no derradeiro ano, que sen dúbida pode ser nomeado «ano negro da cultura da Nación Galega».

Este número va dedicado principalmente a la figura del gran escultor Alberto, artista universal del que conseguimos el pasado noviembre hacer una exposición-muestra de su obra, hecho éste que marca hito y señala la myoría de edad del Ateneo.

Se dedica asimismo el boletín al recuerdo de algunos de los ilustres gallegos que murieron el pasado año, que, sin duda, puede ser llamado «año negro de la cultura de la Nación Gallega».

XAIME QUINTANILLA RICO


# Librería DELTA

«MERQUE LIBROS GALEGOS»

Rúa da Cruña, 7 — O Ferrol



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org


# Vocalías

# Vocalía de Publicacións

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org

A Xunta Directiva arelaba que este novo «Cuaderno» tiviese sido felicitación de Nadal. Non foi posoble por diversas circunstancias.

En primeiro termo, os Organismos Oficiais esixíronnos director da publicación, e ser rexistrada en Madrid. Esto levou tempo; e coa mesma, aparece hoxe un novo número «cero» con Xosé Antonio Ponte Far como director: agregado de literatura do Instituto Masculino, e colaborador de cote no «Ateneo». Coidamos que o seu coñecimento e sensibilidade acadarán cotas elevadas prá nosa revista.

Sobre o acontecemento que supuxo, na tarefa cultural ferrolá, a exposición do escultor ALBERTO, tentábamos dar conta abondantemente, e íballe adicado en exclusiva o noso número «cero», cando súpetas desaparicións, como as de CELSO EMILIO, BLANCO AMOR e PARADELA, obrígannos a que compartan toos eles, galegos ilustres, cabo do escultor ALBERTO, a homenaxe da nosa edición.

Con ALVARO PARADELA perde un puntual colabourador e protector o «Ateneo». Aínda non hai moitos meses prometíanos, nunha cordial entrevista, continuar enviando máis libros da súa biblioteca privada. Nel atopamos sempre un defensor cara a noso labor, e tentaba, por tódolos medios, de conquerir un vieiro prás dificultades que lle expúñamos. As súas obras adicadas, na nosa biblioteca, ficarán como recordo desa grande preocupación e inquedanza por construir novos camiños prá «Ferrolterra», termo acuñado polo seu inxenio.

Os problemas que leva toda colaboración foron retardando, tamén, a edición, e até o derradeiro intre fóronnos chegando, pra rendiren tributo sobor de todo ó escultor ALBERTO e a CELSO EMILIO.

A biblioteca continúa a se abastecer coas novas adquisicións: unha donación de quinientos libros por iniciativa do Ministerio de Cultura, mediante os seus delegados provincial e comarcal.

A nosa hemeroteca vaise configurando nos seus comenzos coas primeiras catro mil fichas, levantadas ó longo do vran, e até hoxe. Deste xeito acadamos unha documentada hemeroteca, orgaizada cientificamente, e que tanto precisaba a nosa cidade.

Pechamo-lo capítulo de gracias, dándoas, polas súas donacións á Caixa de Aforros, José Luis Cano, Manoel Pérez Ledesma. Xoan Xosé Fernández Abella e Guillermo Llorca, que adicaron ó «Ateneo» algunha das súas publicacións.

## LA «GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA» Y EL «ATENEO FERROLAN»

Guillermo Llorca Freire, agregado de Historia do Instituto Femenino de Lanido adica estes párrafos no núms. 190:

«Entre as sociedades de carácter cultural que se teñen creado ó longo da historia recente de Ferrol, e que hoxe aínda teñen vixencia, pódese destaca-lo «Ateneo Ferrolán», creado en 1976, e considerado como a meirande institución cultural de cidade, que baixo do lema: "polo rexurdimento da cultura popular" realizou abondantes actividades en música, teatro, cine, historia, publicacións, exposicións de pintura, etc.»

A «Gran Enciclopedia Gallega» adica este número e mailos dous anteriores a Ferrol.

LIBRERIA
HELIOS
FILOSOFIA – ENSAYOS – HISTORIA
LITERATURA GENERAL
LIBROS INFANTILES
General Franco, 55
Teléfono 35 43 75
EL FERROL

## *Vocalía de Ciencias e Humanidades*

Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

Quixéramos abri-la páxina informativa desta sección lembrando a Eduardo Blanco Amor, recén finado neste ano de lamentables perdas prá cultura galega. O insigne escritor orensán foi o padriño —como él mesmo acostumaba decir— deste «Ateneo», que inaugurara nunha inesquencible tarde o 25 de setembro de 1976, cunha conferencia encol de «Cabanillas na literatura galega hoxe», celebrada no Instituto Femenino coa sala de actos a encher. Cando a Xunta Directiva preparaba unha nova visita do autor de «A esmorga», despois de tres anos de ausencia, hoxe ten que lle rendir pública homenaxe á súa iremplazable figura, homenaxe celebrada no Instituto Masculino coa pública presencia de Ramón Piñeiro, Siro e Xoan Xosé Fernández Abella, desde a tríple vertiente: literaria e humá, humorística e poética.

Despois de amplio e variado programa de actividades desenrolado ó longo do curso anterior e seguido cunha notable asistencia de público, cun número total de cento setenta y cinco actos, entre conferencias, mesas redondas, e concursos literarios e de ensaio (a cifra destes gastos, catrocentas oitenta mil catrocentas sesenta pesetas, foi a mais elevada de tódalas vocalías do «Ateneo»). Principiouse as actividades deste ano cos seguintes temas:

19-X-79. «Mesa redonda» encol de «A lingoa galega no ensino». Celebrada no Instituto Masculino coa participación de Marino Dónega, da «Academia Galega da Lingoa»; J. C. Abella Cruz, da Federación de APAS; Eloy Isorna, Secretario Técnico da Xunta de Galicia, que sustituíu a A. Fernández Barreiro, Conselleiro de Cultura; Xesús Ferro, profesor de Instituto. Xustificaron a súa ausencia: M. Vidán Torreira e A. Santamarina, membros da Comisión Mixta. A oportunidade do acto, celebrado nos comenzos do curso escolar, coa polémica da incorporación do galego ó ensino, amostrouse no número de persoas que acudieron e participaron no discutido debate, que puxo de manifesto a tardanza e precipitación, amáis dos escasos recursos tanto profesionais coma económicos con que se dotou o decreto de bilingüismo.

29-X-79. Homenaxe ó poeta Celso Emilio Ferreiro no Instituto Femenino, coa participación de Xesús Alonso Montero, o profesor Xosé Ponte Far, o poeta Xoan Xosé Fernández Abella e os alumnos Begoña Salido e Xosé Luis Bouza. Alonso Montero voltaba a subir á tribuna do «Ateneo» pra acordarnos da vida e da creación poética do poeta de Celanova, acompañado dos outros participantes que rendiron homenaxe colectivo ó lembrado autor de «Longa noite de pedra».

24-XI-79. Conferencia de Xosé Fortes Bouzán, «Exército e Sociedade: pasado, presente e futuro». O ex-membro da U. M. D., director da desaparecida publicación infantil «Vagalume» e profesor de Historia na actualidades, tratóu, no Instituto Masculino, o tema do Exército. En primeiro termo ofreceu unha panorámica histórica da devandita institución prá situar despois no problema actual dos dous grandes bloques. Estudou tamén a situación concreta do caso español, a entrada na OTAN, o desarme e unha alternativa de paz, frente á guerra. Tódala conferencia atópase recollida no arquivo do «Ateneo» pra cantas persoas desexen consultalas.

14-XII-79. Conferencia de Anxel Roxo e Luís Otero, «España y a OTAN», no Instituto Politécnico. Os dous se mostraron contrarios ó ingreso de España neste organismo bélico. Moita participación no debate. Antes da Conferencia, se deu lectura ó «Fallo» do «I Concurso de Ensaio sobor Ferrol e sua Comarca», inserto nestas páxinas.

Como proxectos inmediatos desta vocalía (sempre tratando de achegar ós socios ó resto do público ferrolán ós temas máis polémicos e de meirande actualidade no intre histórico presente), están os seguintes:

Dentro da problemática da Galicia actual estánse a preparar os temas de «A Iglesia en Galicia», «A narrativa contemporánea galega» e «As correntes lingüísticas sobor o galego».

Encol di ciclo «Recuperación da nosa historia» de sonada acollida no curso anterior, trataranse ó longo do actual os seguintes: «A cultura castreña na comarca ferrolán», «O pintor Bello Piñeiro» e «O movemento obreiro ferrolán».

Tamén principiáronse os contactos prá organización de «Mesas redondas» encol de unha «Semana do Enxino», «O aborto», «O divorcio» e «O Eurocomunismo».

## FALLO DO I CONCURSO DE ENSAIO

O Xurado, constituído por Ana María Romero Masiá, catedrática e investigadora; Xosé Bruquetas Sierra, economista e profesor; Xosé Seoane Iglesias, abogado, membro honorario da «Academia de Xurisprudencia de Galicia» e investigador; Alfredo Alcalá Navarro, arquitecto, membro directivo do «Colexio de Arquitectos», investigador e deseñador de formas arquitectónicas, e Roberto Casteleiro Fernández, graduado en Historia e profesor, como Secretario, en representación da Xunta Directiva, pra fallar no «I Concurso de Ensaios sobre do Ferrol e a súa Comarca», organizado polo «Ateneo Ferrolán», emite o veredito seguinte:



1.º En examinando o único «ensaio» presentado dentro do seu prazo: «Entre a decadencia e a diversificación. A crise da comarca ferrolán», baixo o seudónimo J. Carvalho, estima admitido, xa que se axusta ás «Bases» do oncurso.

2.º Unha vez estudado o devandito «ensaio» presentado, e sopesada a importancia pra un maior coñecemento da bisbarra ferrolá en canto á súa crise económica actual e psibeis alternativas, considera que o ensaio non esgota toda a complexidade do problema ferrolán, aínda que de certo contribuie a clarexar unha parcela básica, como é o sector naval, mediante unha análise rigorosa, estruturada cientificamente e con abondante e actual documentación.

Por todo isto, o Xurado outorga o Premio único de 50.000 pesetas a J. Carvalho.

3.º Aberta a plica correspondente, o seudónimo identifícase como Pedro Arias Veira, economista e profesor na Universidade de Santiago de Comjostela, onde imparte «Economía rexional e urbana».

4.º Con todo, o Xurado recomendaríalle, pola dignificación do idioma galego, ó concursante premiado un maior cuidado cando se exprese en dito idioma, pois tal neglixencia ven a ser un demérito prá calidade científica das súas investigacións.

5.º O Xurado quer tamén facer un rogo ó «Ateneo Ferrolán» no senso de que non estableza como norma obrigatoria a inclusión na prensa os traballos presentados a Concurso, pois, debido a problemas de espacio, ha de haber moitos que non poderán ser publicados, indo isto en detrimento do esprito con que foi creado o concurso.

Por todo o exposto, o Xurado cre deste xeito ter interpretado rectamente a esencia do Concurso, promovido pola Xunta Directiva do «Ateneo Ferrolán», «ante a escasez de traballos científicos sobre Ferrol e a súa comarca que profundicen no coñocemento da súa realidade pasada e presente e que poidan servir de alternativas prá posíbel transformación futura da mesma».

# Vocalía de Teatro

Esta vocalía ten o interés de escrarecer canto antes unha resposta a escasez de público nas súas dúas últimas actividades: a representación teatral do grupo «Teatro Vivo», coa obra «Misterio Bufo», e a conferencia do director da Escola Dramática Galega. Neste segundo caso, pensamos que a gravedade do caso é maior por tratarse de Manuel Lourenzo, un dos homes máis importantes dos que neste intre se adican é traballo e a investigación teatral en Galicia.

## ACTOS

7-IV-1979. A representación teatral do grupo «Teatro Vivo» é un espectáculo concebido dramáticamente de forma unipersonal, de maneira que o único actor fai lucir as súas facultades interpretativas encarnando tódolos persoaxes e unindo todo o espectáculo nun diálogo consigo mesmo e cos outros persoaxes, nun intento de situarnos a época e o seu contexto feudal.

A súa actuación, basada na expresión corporal e no mimo, foi unha proposta teatral motivadora, cun caudal de ideas e imaxes. Pouco púbrico.

II-V-1979. Conferencia de Manuel Lourenzo, adicada ó estudio e repercusión do teatro, chea de reflexión e argumentos sobre o teatro en Galicia, do autor e actor. Esta estaría concebida dentro dun amplio esprito autonómico, que hoxe move a millares de persoas a hora de pronunciarse políticamente, pero que non repercute de igoal maneira na conciencia cultural, enfrentándonos así a unha crara contradición das forzas progresistas da ciudade, que se movilizan políticamente, pero non son capaces de animar e participar na vida cultural activa da ciudade.

# Vocalía de Cine

Un dos problemas graves cos que se atopa esta vocalía é o de ter un local propio, onde poder proxectar. Pra esto tentamos varias fórmulas.

Fundado en 1879

En primeiro termo, a traverso da Empresa Fraga, responsable máximo decine comercial na nosa cidade. Con esta empresa plantexamos conquerir unha programación de calidade, con tempo suficinte, tanto prós presentadores coma pra que o socio poidera saber estes avances. Tarefa cáseque imposible nun aspecto coma no outro. Nin a calidade nin a información foron acadadas. Nestas, sólo poidemos programar tres films: «Phamtasma», «Manhattan» e «Apocalipsis, now», tódalas tres presentadas polo noso antigo Vocal de cine José Torregrosa.

A nosa tempada principiou noutra empresa: El Cinema, onde proxectamos «Expreso de medianoche», presentada por Eduardo Galán; película comercial que viña precedida dunha grande sona taquillera e de público. O noso compañeiro José Torregrosa calificábaa, na súa antecrítica, de «las otras delicias turcas», pois desde unha visión partidista americá, critica o noxento sistema cercelario turco, sen fita-la viga no seu propio ollo.

Outra fórmula, cecais viable, vénsenos ofrecendo ó colaborar cos APAS e «Asociación de Veciños». Deste xeito, Caranza, co seu colexio «Lestonnac», abre grandes posobilidades, cunha boa infraestructura prás sesións cinematográficas de calidade. Xa no curso anterior foran moi ben acollidas: «La nueva escuela», película cubá de Jorge Fraga, e sobor de todo «Saco y Vanzetti», onde chegamos a acada-la cota de trescentos espectadores, máximo éxito en sesións deste tipo. Deste xeito crebábamo-la dinámica «circuitos comerciales», autoabastecéndonos sen condicionamentos empresariais e ideolóxicos. Películas como a devandita, aínda non estrenadas na nosa cidade, a pesares da súa importancia temática e artística; ou a proxectada este curso: «A propósito de Pinochet», unha radiografía minuciosa do Fascismo, como limiar pró acontecimento que supoñerá «La batalla de Chile» e «La tierra de la gran promesa», encol do proceso industrializador en Polonia. Todo esto amostra un camiño pra garantizar permanentemente un cine de calidade, en tódolos aspectos que se refiren ó cine como arte.

Esta vocalía presenta unha «Memoria-Prexecto» encol das nosas actividades en 1978-79-80, con obxeto de que a «Dirección General de Cinematografía» nos dea unha subvención de cincuenta mil pesetas. Ogallá nolas envíen pra quepoidamos segui-las nosas actividades, contribuíndo a crear ese clima de sensibilidade, tan necesario.

# Vocalía de Música

Pra esta vocalía, que coida que a música é un elemento de creatividade e comunicación na sociedade que hoxe vivimos e narra un proceso no desenrolo cultural contemporáneo; e sendo a nosa entidade vehículo de comunicación i espallamento das diversas correntes culturais —neste caso a musical—, ofrecimos unha mostra das distintas expresións musicais e das diversas nacionalidades: galela ,galesa e bretona.

ACTOS REALIZADOS:

24-II-1979. Conferencia do musicólogo Rogelio Leonardo de Bouza, desenrolando o tema dentro do ciclo: «Recuperación da nosa historia», «El musico Gregorio Baudot». Como alumno predilecto do mestre, fixo unha semblanza do mesmo, nas súas tres vertientes: popular, militar e sinfónica. Asemade, realizou unha exposición de música galega coas diversas cadencias e fonéticas das bisbarras de Galicia. Esta vocalía valora positivmente a presencia do musicólogo, ficando refrendado o seu coñecimento musical no curso de «Música de Compostela», onde o mestre Ernesto Halffter e outros, interésanse polas súas investigacións musicais.

15-III-1979. Recital de música folk galega do grupo «Tangaraño», grupo que principiaba dentro da música folk, pro que na súa interpretación refrexan o sentir galego que van degrañando nos seus textos, ás veces duros, refrexo fidel da idiosincrasia do polso galego. O plantexamento do seu recital estivo máis inclinado á parte literal cá interpretación vocal e acochamento musical.

22-V-1979. Recital do grupo galés «Cromlech», que pasou un chisco desapercibido na nosa cidade. Conxunto de gran limpeza e fidelidade instrumental, coma fondos coñecedores do folklore tradicional do seu pais e que nos achegou unha boa parte da inspirada, bucólica e fermosa música de Gales, situándoos coma unha das mais apreciadas polos amantes do folk. As cantigas foron galesas i escocesas, nunha arela de dignificar na propia cultura. Asemade, interpretáronse cancións do folklore galego, acompañados dos músicos Emilio Cao 7 coa arpa e maila zanfoña 7 e Juan R. Silvar —cun pandeiro e flauta—.

21-X-1979. O grupo «Saraibas» realiza un recital de concepcións de matiz popular, interpretando unha chea de cancións de aire «festivo», e outras de carácter testimonial. O seu labor musical é mais amplo, e tenta de diversificalas constantes das músicas e tradicións galegas.

9-XII-1979. «Gwendal», un grupo bretón que ben poderíase definir como inconoclaste e lúdico. De novo na liña da, se cadra mal chamada, «música celta», pro esta vez, lonxe dunha fidelidade á vella usanza. Un grupo que podería esperta-las xenreiras dos puristas pola abondante mestura de instrumental clásico: como as bombardas e mailas mandolinas co novo instrumental dos rockeros: guitarra eléctrica, batería, etc. Noustante, unha mestura sabiamente realizada. Música leda, pra danzar; a música dos nosos devanceiros axeitada, seguindo fórmulas hoxe asequibles á inmensa maioría.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

## Vocalía de Artes Plásticas

Esta Vocalía ven de facer no mes de novembro unha mostra en homenaxe ó escultor ALBERTO SÁNCHEZ, dando así a coñocer a obra tan esquencida deste artista clave no desonrolo da escultura moderna.

A mostra compúxose de dez esculturas, quince dibuxos e once reproducións fotográficas de esculturas, algunhas delas xa desaparecidas.

Esta mostra estivo nas salas do Concello ferrolán desde o día tres até o día trinta, peche da mesma.

Prá inauguración, contouse coa presencia de Jorge Lacasa, director da Fundación «Alberto», e o fillo do escultor, Alcaén Sánchez. Neste acto, Jorge Lacasa fixo donación á cidade, por medio do «Ateneo», da escultura «Touros Ibéricos», para ser posta nunha praza púbrica da cidade.

Pra darlle unha maior difusión a obra deste artista, convocáronse dous concursos, redacción e dibuxo, para rapaces de BUP e COU.

O peche asistiron Clara Sancha, viuda do escultor; Isaac Díaz Pardo, pintor, dibuxante e creador de formas artísticas pra cerámica de Sargadelos, e o Castro e tamén Antón Aguayo, profesor e crítico de arte.

De cara ó vindeiro, tense proxectado adicarlle unha homenaxe ó pintor FELIPE BELLO PIÑEIRO, descoñecido prás novas xeneracións. Da importancia e influencia na pintura local deste artista falará Xaime Caxigao, coñecedor da obra e vida do mesmo.

Estase a traballar é nunha mostra de cerámica popular galega e postuguesa con pezas do «Ateneo» e aportacións privadas.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Homenaxe a Alberto



**Composición de XOAN XOSÉ BRAXE, sobor o dibuxo de Alberto:**

***«Páxaro de mi invención feito cas pedras que voan na exprosión dun barreno...»***

# ALBERTO e o ATENEO FERROLAN

## Dous momentos creativos e de futuro

Dous feitos inconexos, se son observados superficialmente, teñen prá Xunta Directiva, cando rinde o seu mandato anual, un denominador común de futuro. Os esforzos de tres longos anos na angueira cultural ferrolá, herdados pola Xunta Directiva actual, cristalizan exitosamente con esta exposición itinerante do escultor Alberto.

Homero, Esquilo, Sófocles, Shakespeare, Don Quijote, Charlot, Alberto, refrexan fielmente as sociedades onde estiveron, pro, asemade, negáronas, superándoas nun perfecto proceso dialéctico; pois non é válido negar, se non superarmos esta negación. Do mesmo xeito, coidamos tamén que o «Ateneo Ferrolán» soupo negar toda unha cultura elitista, formalista, pra espalla-la, facéndoa chegar ás capas sociais denantes esquencidas, ausentes do proyecto de futuro.

As obras de Alberto son presentimentos, ecos dunha nova maneira de entende-lo porvir, sen que esto veña decir que Alberto non foi fidel ó «seu» tempo histórico. Como dixo J. P. Sartre: «La mejor forma de quedar para la posteridad es ser fiel al tiempo que nos tocó vivir». Alberto desvélanos un mundo novo. Quizais, por eso, precisa dun futuro mais lonxano pra que as grandes masas, o pobo, poidan retomala mensaxe que pra elas cifrou nas súas esculturas e dibuxos. Cecais sexa necesario agardar tempos xa non lonxanos.

Noutro, se cadra, poucas obras terán unha proxección de futuro coma as de Alberto. Na súa obra, Alberto fálanos do «seu» tempo pasado, do «seu» tempo histórico, contra o que se rebelou con berros revolucionarios, plasmados en cada unha das súas obras: inconformista, inconoclasta, cunha visión de futuro que foi o que moveu ó «Ateneo» pra se sumar a quenes aman a obra de Alberto, pra da-la a coñecer ó pobo ferrolán, pra que deste xeito conecte coas correntes vanguardistas do Arte, como en tódala súa traxectoria amostrou estar á altura do tempo histórico que nos tocou vivir. O «Ateneo» contribuie, así, a actualizar e dar futuro á obra de Alberto.

Alberto cristalizá, é colofón, de tantos esforzos da nosa sociedade cultural ferrolá «Ateneo Ferrolán», e contribuimos a que a Arte sexa unha realidade pra ámbitos máis amplos da sociedade; por máis que certas capas sociais néguennos co aldraxe do desprecio, e, na súa ceguera, desoxen facer borrón e conta nova da nosa entidade, como si estes tres longos anos nada representaran prá nosa comunidade ferrolá. Velahí tantos releos na economía e noutros aspectos. De todos

estes sensabores soupo tamén Alberto, de ahí o seu descoñecemento.

Alberto coa súa Arte aponta á esencia perdida do home, que ten de se reconciliar coa súa existencia alienada por factores socio-económicos. Por esa reconciliación, e cara ela, traballa o «Ateneo Ferrolán».

Unha vez mais, gracias, Jorge Lacasa e Alcaén; gracias a todos, porque contribuíchedes tamén a que o futuro de Alberto sexa mais presente.

**A XUNTA DIRECTIVA**



**Dibuxos de Alberto, publicados na Revista «ALFAR»**

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Madrid 22-XI-78

Sr Don Luis Mera
El Ferrol

Muy estimado amigo

Por mi hijo Alcaen y sobrino Jorge Lacasa, he sabido el interés y cuidado con que han montado la exposición de mi esposo, el escultor Alberto en el Ateneo de El Ferrol. Es una gran alegría para mi que su obra se conozca en las distintas ciudades de Galicia

Me contaron que se proyecta colocar su "Toros Ibericos" en una plaza de esa ciudad y al mismo tiempo dar su nombre a otra plaza ¡Ojalá se lleve a cabo.

Ha sido muy bonita la idea del concurso infantil sobre la obra de Alberto.

Por todo ello, mi profundo agradecimiento al Ateneo y a todos Vds. que participaron en la preparación de esta exposición.

Le ruego transmita mi saludo afectuoso y mi gratitud al Alcalde Don Jaime Quintanilla

Muy atentamente

Clara Sancha

# SEMBLANZA DE
# Alberto Sánchez, hoy

Ateneo Ferrolán

**VALERIANO BOZAL:**
*Historiador e crítico de arte. En 1962-63, con Llorens, manteñen unha chea de discusións encol da crise vanguardista e da función social do arte. Por estes años, inquedanza pola recuperación histórica e teórica do Realismo, de importante influxo no noso panorama, que se asuma con teorías coma a estética de Lukács, os textos teóricos de Marx-Engels, os de G. della Volpe e os escritores como A. Sastre, nos seus escritos referidos ó realismo no campo plástico. Entre as súas obras, habemos de citar: «España. Vanguardia artística, realidad social: 1936-1976» (Obra colectiva co gallo da Bienal de Venecia) «El realismo plástico en España de 1900-36»; «El realismo entre el desarrollo y el subdesarrollo» e «Historia del arte en España».*

Cuando en la década de los sesenta empezaron a llegar noticias de Alberto Sánchez —el libro de Peter Martín, un artículo en *Realidad*, su trabajo en la película soviética «Don Quijote», los primeros análisis de la vanguardia española de los años veinte y treinta—, su nombre venía rodeado de una doble aureola: por una parte, era, por excelencia, el artista de la «resistencia», y, como tal, el artista prohibido, borrado; por otra, era un creador, sus imágenes se apartaban del tópico realista socialista o realista crítico en que se había sumergido el arte europeo comprometido, y se proponían la configuración de formas nuevas, originales, de vanguardia.

Si a todo esto le sumamos la casi total inexistencia de obras de Alberto, lo que suponía limitar su conocimiento al indirecto de los documentos gráficos, tendremos un panorama bastante concreto de las razones que alentaban una sacralización de Alberto. Todo ello en un marco claramente determinado: las imágenes del escultor exilado no eran útiles en la crisis artística del momento, no podían emplearse como alternativa, pues estaban en las antípodas o a gran distancia de las orientaciones vanguardistas vigentes. Dicho de otra manera: su llegada a nosotros era la llegada de la Historia, y bien conocidas son las facultades sacralizadoras de la Historia.

En esta perspectiva, los análisis a que fue sometida la obra de Alberto —por otro lado, bastante reducidos— oscilaban entre la pura recontextualización histórica y la hagiografía. Hoy, cuando la aureola que rodeaba al arte comprometido se ha debilitado —o venido abajo—, resultando muchas veces por completo negativa, cuando el paso de los años ha gastado la hagiografía, ¿cuál es la imagen de Alberto Sánchez? ¿Continúa mitificado y sacralizado, es puro objeto de erudición y pedagogía, o bien ofrece opciones perceptuales diferentes...?

Mi opinión personal es que, precisamente por el tiempo transcurrido, resulta posible llevar a cabo una visión más justa de la escultura de Alberto y analizar desapasionadamente los problemas que plantea.

Vaya por delante una afirmación que puede ser discutible: la escultura de Alberto pertenece a una época histórica bien concreta, los movimientos de vanguardia de los años veinte y treinta, hasta el punto de que su obra posterior a la Guerra Mundial no es sino un remedo, en ocasiones notablemente inferior, de lo realizado en España antes de la Guerra Civil. Esto no quiere decir que Alberto sea historia muerta y, por tanto, simple pasto de erudición. Todo lo contrario. Su actualidad no se produce al margen de la historia, sino precisamente por el carácter histórico que posee. A diferencia de otros artistas de su época, Alberto resulta plenamente problemático, y es esta problematicidad la que nos interesa hoy día.

Si, de una forma general, echamos una ojeada a la vanguardia de los años veinte y treinta, encontramos algunos grupos bien definidos: los surrealistas o para-surrealistas —cuya cabeza visible sería, aparte de Dalí, Maruja Mallo—, los primeros cubistas o para-cubistas —alentados, inicialmente, por D. Vázquez Díaz—, los realistas, críticos, sociales, políticos o épicos —Puyol, Helios Gómez, Quintanilla, etc.—, es decir, había una serie de artistas, ¿la mayoría?, que construían un estilo, más o menos próximos a los estilos o tendencias vigentes en la vanguardia europea, y que, por tanto, hasta cierto punto, puede decirse que estaban *instalados* en esa construcción, en esa conquista. Sus problemas se planteaban —y, eventualmente, se solucionaban— en el marco de la tendencia de que se tratase. Su significado, y, por tanto, su interpretación, solía hacerse con los parámetros proporcionados por esa corriente.

Ahora bien, éste no es el caso de todos los artistas de aquella vanguardia. Encontramos algunos que no sólo no encajan en corriente alguna, sino que parecen encontrar serias dificultades para poder hacerlo. Uno puede ser Miguel Prieto, otro, el propio Alberto Sánchez.

Habitualmente se resuelve esta cuestión diciendo que la escultura

con la mirada o las manos, las posibilidades de los elementos materiales para producir un significado, tal es el destino de sus esculturas. Aquí es donde aprecio más radicalmente la personalidad de Alberto. Para él, ese patrimonio popular no es un patrimonio de leyendas a transformar, no es un dato del cual partir ni un marco al que imitar... es el resultado al que se llega. Lo popular no es el dato del que me sirvo para elaborar obras de elevado nivel cultural, sino el resultado al que llego poniendo en acción la sabiduría y el lenguaje que ese elevado nivel exige (aunque no proporciona), que nada tiene que ver con el academicismo.

En este sentido, la escultura de Alberto es profundamente machadiana.

VALERIANO BOZAL



**Dibuxo de Alberto, publicado na Revista «ALFAR»**

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879

de Alberto participa de una cosa y otra, por ejemplo, del cubismo realista de la primera «escultura de planos», fuertemente influida por R. Barradas y D. Vázquez Díaz, y del surrealismo peninsular —más o menos surrealista— de Maruja Mallo, Benjamín Palencia, Rodríguez Luna, etc.

Confieso que este modo de resolver el problema no me resulta satisfactorio. Participar de lo uno y lo otro es una expresión metafórica que sólo alumbra el eclecticismo, y creo que Alberto no tuvo nada de ecléctico. Es cierto que en sus primeros momentos, en torno a la exposición de Artistas Ibéricos, hace una escultura de planos con fuertes raíces cubistas y realistas expresionistas, en la tradición de la estatuaria peninsular de Macho, Mateo Hernández y E. Barral, pero no es menos cierto que se trata de una escultura primeriza, que evoluciona rápidamente en la segunda mitad de la década de los veinte.

El período 1925-1930 es, quizá, uno de los peor conocidos en la trayectoria de Alberto, pero no cabe duda de que es un momento importante, pues a partir de ahí encontramos su escultura plenamente definida, con ciertas resonancias mironianas, una asombrosa utilización del hueco y el volumen orgánico, rasgos que nada deben a la «escultura de planos», todo ello en la óptica de una poética popular que enlaza con Lorca y el primer Alberti, que enlazará después con el Miguel Hernández de *Viento del pueblo*. Diría más, que enlaza también con las tesis de Machado en torno al carácter del arte y su popularidad.

Hasta ahora se ha venido ofreciendo una visión limitada de la cultura republicana. Es cierto que la intelectualidad más próxima al empeño republicano alienta un marcado liberalismo —basta echar una ojeada a figuras tan distantes entre sí como Ortega, Ramón Pérez de Ayala y Gregorio Marañón, distantes pero «al servicio de la República», y por ello muy próximas—, pero a la vez también parece cierto que entre las generaciones más jóvenes hay una búsqueda de lo popular que implica una recuperación y manipulación del folklore. Lorca, Alberti, Alberto y el mismo Miguel Hernández, pueden ser ejemplos de esta actitud, sin olvidar a Benjamín Palencia o Altolaguirre o, en algunos momentos, Salinas y el mismo Aleixandre.

El sentido de este populismo está todavía por estudiar (salvo, quizá, en el caso excepcional de Lorca), no obstante, ya es posible decir algunas cosas respecto a Alberto. Por lo pronto, indicar un rasgo sustantivo: su escultura se incorpora una poética de lo popular que se centra en el arraigo del hombre con su tierra. *Signo de mujer rural, en el camino, lloviendo* y *Escultura de horizonte* son, en este sentido, ejemplares. A diferencia de otros poetas y pintores del momento, Alberto no dramatiza enfáticamente esa relación, sino que la ofrece como un sereno resultado del trabajo: la transformación del medio natural

# Las iniciales grandiosas de Alberto Sánchez

Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

**ENRIQUE AZCOAGA:**

***Escritor, poeta e crítico de Arte. Vello amigo de Alberto. A diáspora da Guerra Civil o leva a Buenos Aires, mantendo desde aquí correspondencia co escultor toledano. Esta vella amistade e preocupación pola obra de ALBERTO, cristaliza na Esposición do ano 1970 en Madrid, onde tan grande participación tivo Azcoaga pra que o pobo español recuperara a ALBERTO SANCHEZ. O traballo publicado neste «Caderno», é reimpresión dun traballo xa publicado, dada a sua importancia.***

La guerra a muerte en la escultura se planteó abierta, franca, definitivamente entre dos soluciones de la misma: la estatua y el signo. Mientras los plásticos que aún siguen siendo la referencia importante de todo lo que en escultura actualmente se hace, se dividieron en «defensores de la estatuaria» o en «defensores de lo simbólico», creadores de la importancia de Alberto Sánchez (nacido el 8 de abril de 1895, en Toledo, fallecido el 12 de octubre de 1962, en Moscú), tuvieron siempre en cuenta que las invenciones escultóricas dedicadas a un mundo posible y a unos hombres nuevos, no podían proponerles lo que hasta cierto punto se reduce a un recuerdo, y que la nueva escultura, destinada a un mundo diferente del actual, corrompido y exhausto, en vez de una estatua que rememora o un signo de condición abstraccionista, necesitaba convertir algo muy enraizado, en esas iniciales grandiosas que, en definitiva, resultan sus materias rimadas. Lo importante del creador de la pieza monumental que en 1937 se expuso en el pabellón español de la Exposición Internacional de París, titulada *El pueblo español tiene un camino que conduce a una estrella*, no es haberse convertido en una víctima de «la modernidad», sino haber llegado a entender la misma como un principio heroico capaz de imponer su voluntad grandiosa. Cuando Alberto, entre la estatuaria y el signo, conserva lo mejor de aquélla, e infunde a sus entidades esa savia extraordinaria que él ha encontrado después de diferenciar plenamente la vida y la muerte castellanas, intuye de popular manera genialísima que lo que diferencia a lo escultórico no es el matiz de su piel, sino su sentido, desde el momento que sus «Esculturas de horizonte» o las tituladas

«Maternidad» o «Mujer de la estrella», imponen desde su dinámica arrebatadora, un aliento que ni las estatuas evocativas ni los signos desenraizados y abstractos suelen provocar. La importancia de Alberto, por tanto, en el área del arte moderno, no está en haber frecuentado uno de los dos caminos escultóricos en pugna, sino en haber enriquecido con la grandeza de lo popular castellano esas realidades expresivas cuyos ritos impelen y, al mismo tiempo, llamean.

Una escultura que evoca formalmente cualquier realidad determinada, se distingue por su condición académica o moderna. Estas de Alberto, adscritas difícilmente al área abstraccionista, crean una *estirpe* excepcional, que quienes tuvieron la suerte de disfrutar en París la arriba mencionada no cantaron lo suficiente, desde nuestro punto de vista, en vez de conmemorar esto o aquello, con arreglo a un concepto u otro, y tienen algo de augurios, de voluntades, de fuentes fertilizadoras, como es fácil observar cuando nos persuadimos de su fantástica posibilidad. Alberto añade a la pureza formal de la abstracción, la juventud, la frescura de sus arabescos estremecidos por una tradición limpia de gangas. Alberto sabe que la verdadera escultura moderna tiene algo de quilla: si no, se reduce a abstraer una realidad y quedarse en un hecho conmemorativo más o menos refinado. Lo de mezclar en una pretensión la palabra «monumento» y la palabra «pájaro», dando lugar a ese extraordinario «Monumento a los pájaros», nos familiariza con su más profundo significado. Porque en toda la mejor obra de nuestro inolvidable amigo, la tensión expresiva tiene en sus límites la raíz de lo popular y un vuelo refinado e inteligente. Gracias a ello, lo que a veces recuerda figuras sencillísimas u órdenes rurales, consigue sin perder su categoría de inicial grandiosa, esa obra que la gran creación alcanza, cuando anuncia en ella lo que en nosotros se convierte en posible fertilidad.

¡Qué sería de una sociedad donde los hombres necesitasen plazas con fuentes de Alberto, muros con esquemas pictóricos de Alberto, signos abiertos al mañana de Alberto...! ¡Cómo es posible ambicionar tanto como las esculturas de Alberto ambicionan, sin vincularse a lo que las determina, a lo que las justifica, actividad misteriosa de su dinámica esencial...! Su reciente Exposición, celebrada durante los meses de mayo y junio de 1970 en el Museo Español de Arte Contemporáneo de Madrid, no nos ha llevado a reconquistar a alguien a quien de ninguna manera habíamos perdido, sino a darnos cuenta de que desde 1925 —que es cuando, por iniciativa del uruguayo Rafael Barradas, nuestro gran escultor participa en la Exposición Nacional de Artistas Ibéricos—, el arte moderno español tenía en él una de sus más edificantes referencias, y que lo lamentable resulta que, por culpa de cosas gravísimas, muchas de sus obras hayan desaparecido, y lo que hubiera sido magnífica tutela de artistas nuevos que crecieron sin la referencia magistral necesaria, correspondiente a su índole, pueda seguir pareciendo a las mentes reaccionarias consecuencia de la casualidad o la agudeza. Las formas escultóricas, nutridas, asimiladas por un entendimiento profundísimo del paisaje castellano —en las que no cabe lo tremebundo negativo, tan aprovechado por los falsos folkloristas—, tiene algo, en este caso concreto, de cuellos erguidos, deseosos de asomarse a nuevos horizontes. La aventura de Alberto *el solo*, del abuelo por excelencia del arte moderno español, está empeñada en que los purísimos valores oteados por una parte y significados por otra en su estirpe escultórica, estimulen en su día a esos hombres que necesiten la compañía de su obra. Las iniciales albertianas, en vez de valerse de lo tradicional o de negarlo, son nuevas, porque pretenden hacer nuevas, más vivas, sus posibles circunstancias. En las que la potencia imaginativa de este artista sin precedentes en la escultura española, establece esa categoría que las mismas derrochan, como consecuencia de una síntesis rítmica de fabulosa importancia. Muchas veces hemos denunciado lo moderno que no anuncia, que no convierte en mañana, aquello que, en última instancia, mitifica. Convencidos de que los mitos, de que las mitologías, si no eternizan la fuerza auroral que se desprende de las creaciones de Alberto Sánchez, son construcciones más o menos refinadas al servicio de un propósito, que se acaba en el gozo artesanal, en vez de en ese afán de salvación arriesgada que el ambicioso poderío de Alberto Sánchez nos propone.

en 1879 ... Ferrol ... .org

La escultura, en el terreno de la estatua o del signo, no puede olvidarse, sobre todo cuando resulta enormemente ambiciosa —como en este caso—, de su condición de *presagio*. Los mitos se debilitan en simbolismos de corto alcance, cuando en vez de presagiar, de abrirse a horizontes inéditos, se plantan en espacios a los que en vez de fertilizar como ríos erguidos, esterilizan sin querer. El signo no es superior a la estatua mas que cuando —en el caso de Alberto— cumple un propósito de maravillarnos, y por consiguiente, de resucitarnos. Porque las mitologías que nos esclavizan en lugar de hacernos más libres; que disponen nuestra reverencia en vez de nuestro propósito de mejoría y avance, son esquemas, todo lo modernos, todo lo depurados que se quiera, pero no estimuladoras convicciones, de una honestidad, de una limpieza, de una potencia fecundadora, como las que nutridas en Alerto por la fuerza virginal de la tierra, presagian tierras más libres para los hombres necesitados de superar su estatura.

Lo moderno, en definitiva, no es un «no», como tantos *modernosos* creyeron, sino un «sí» caudaloso, despabilador de la confianza, pregonero de mañanas, y eso no puede estar más claro en la concepción de nuestro querido escultor. A los mitos falsos, a la falsía personalísima de nuestro querido escultor. A los mitos falsos, a la falsía circundante, ni les va ni les viene. A los mitos positivos, a esta mitología integrada por iniciales grandiosas, por presagios aurorales, lo que les importa precisamente es vaciar la vida de complicaciones adjetivas, y colmarla de preocupaciones, de propósitos, hermanos naturalmente

de su ambiciosa naturaleza. Es posible que a los reaccionarios, a los que, en el mejor de los casos, se contentan con idolatrar, el mundo escultórico de Alberto Sánchez les parezca un juego. Pero aquí estamos sus leales, los que reclamamos para él un puesto de honor en la escultura moderna que aún no se le ha concedido, convencidos de que la suya no pudo ser más ambiciosa, y, por consiguiente, más revolucionaria.

ENRIQUE AZCOAGA

ACEVEDO
DISCOS
ACEVEDO
REAL 139

# ALBERTO y su monumentalidad

**JOAQUIN DE LA PUENTE:**
*Membro por oposición do corpo de Museos. E Subdirector do «Museo del Prado» e Director do «Museo de Arte Contemporáneo» en Madrid. Neste traballo quedan reflexadas as implicacións ou relacións de ALBERTO SANCHEZ co Arte español contemporáneo.*

Porque la grandeza plástica no depende del tamaño, sino de la estricta concepción, bien sabido resulta que Alberto Sánchez es escultor monumental al que el sino de los tiempos y su arte le impidió erigir monumentos. Y no porque no se erigieran en España cuando Alberto luchaba a brazo partido para ser y estar en el arte, tras haber sido porquerizo a los siete años, repartidor de pan y aprendiz de herrero antes de los doce en que llega a Madrid desde su Toledo natal, zapatero, escayolista y panadero, como su propio padre; analfabeto hasta los quince, en que un amigo le empieza a enseñar a leer y escribir. Tras todo un milagro de la vocación, el talento natural y la sensibilidad en mayúsculos caudales humanos; dramáticamente encauzados, pero quién sabe si —aun dolorosamente así— a salvo de cuanta deformación producen las aberraciones seudoformantes de no pocos sistemas de enseñanza y muchos más seudoeducadores.

No le demos más vueltas y dejémonos de andar ahora inculpando a diestra y siniestra. El sino de Alberto discurrió con tamaña suerte, con tal grado de conjuntadas fortuna y desgracia. Sin remedio su formación hubo de discurrir paciente, a rodapelo de una circunstancia por demás adversa, la menos propicia a cuanto habría de sucederle. Hasta los treinta y un años no puede abandonar la tahona en que trabaja y dedicarse por entero a la creación artística. Embarcado de inmediato en un arte innovador, mal podía ser conocido y mirado por quienes tenían en sus manos distribuir encargos monumentales, aquellos que en gran medida y por entonces, y aun mucho más adelante, acaparaba el hoy ya no menospreciado Mariano Benlliure, antítesis perfecta de lo renovador y de quien, sin alejarnos de Madrid, se elevaron monumentos cual los de don Alvaro de Bazán, María Cristina de Borbón, Goya y Martínez Campos.

Una cosa es lo que el tiempo decanta, cuanto con el tiempo se recompone y nos hace a nosotros presumir de estar al cabo de la calle en posesión de la verdad...; y bien otra es cuanto en cada tiempo, en efecto, ocurre. Sería pedir demasiados milagros, si al de que Alberto

surgiera como artista desde durísima pobreza y prolongado analfabetismo, se añadiera el de verle de inmediato reconocido por los entonces rectores de los gustos y quehaceres de la escultura y demás artes. Ni aun de camino por sendas harto más «ponderadas» que las que Alberto dio pronto en seguir, hubiera sido fácil para él encontrar ocasión de verse autor de mármoles, calizas o bronces públicos; tal como la hallaron profesionales de carrera jamás tan insólita como la de Alberto, Julio Antonio, prematuramente muerto; Mateo Inurria, dueño de hasta la Medalla de Honor; Victorio Macho, prepotente y que a un paso estuvo de la Dirección de la romana Academia Española de Bellas Artes. Vida e historia son así. Normales, para unos; durísima gesta, para otros. Y a buen seguro que eso que ayer pasaba —cierto que con distintos modos—, también acontece hoy. Así de verdad y sin echarle demasiada imaginación a este supuesto; mal que les pudiera pesar a los más conspicuos de nuestra más candente y triunfante actualidad.

Con todo, y ya fuese por poco tiempo y condenada a desaparecer, Alberto tuvo ocasión de ver elevarse una escultura suya a muy considerable altura —punzante aguja hendiéndose hacia los cielos—, de doce metros y medio de altura, en el pabellón que la República abrió en la Exposición Internacional de París, en 1937, aquel que proyectaron José Luis Sert y Luis Lacasa, decoró Miró, albergó la «Montserrat» de Julio González, la fuente de Mercurio del norteamericano Calder y el «Guernica» de Picasso. Obra esa de Alberto, esbeltísimo monumento, que llevaba título tan largo en palabras como repleto de optimista sueño: «El pueblo español tiene un camino que conduce a una estrella». Y no es bueno olvidarlo: otros no tuvieron ni esta excepcional satisfacción. Verbigracia, Angel Ferrant murió sin gozar de algo parecido.

La misma guerra que regaló tal oportunidad a Alberto le catapultó fuera de España, hasta Moscú. Alberto trabajó mucho en Rusia. Pintó. Realizó magníficas y muy personales escenografías. Dibujó a todo pasto. Concibió y ejecutó más esculturas, pero ninguna de éstas se asentó en plaza, avenida o jardín, donde orearse con la mirada de un pueblo que, como para el español, deseaba Alberto, también pudiera tener en lo alto una estrella. Así fue. O tuvo que ser. Por más que toda la escultura de Alberto naciera, cual entrañada concepción monumental, para las gentes de la calle, las fábricas y la gleba.

Que Alberto es escultor consustancialmente monumental lo prueban todas y cada una de sus obras, grandes de concepción, aunque hubieran de nacer en pequeño; capaces de cualquier género de ampliación. Agrandada, trasvasada a piedra, en el Museo de Arte Contemporáneo de Toledo, señoreando nobilísimo patio del siglo XVI, se alza sobria y magnífica —no importa si un tanto primeriza—, la que algún edil de años atrás no quiso ver a la vera de San Juan de los Reyes.

Nada tan fácil como imaginar uno y mil monumentos ante las esculturas de Alberto, en los incontables dibujos en que los soñó. Porque, en sí y con más, él era la monumentalidad; ansia de grandeza con que, si le dejaran, hubiera jalonado oteros y estepas, burgos y urbes, el arrabal de todo lugar. Y, más todavía, en su anchurosa Castilla. De calle en calle, de casa en casa. De suburbio en suburbio, sin olvidar la Vallecas de su juventud y en frecuente diálogo con Benjamín Palencia. Por donde el pan del espíritu —e igual que vino nuevo en odre viejo— se ha de llevar.

JOAQUÍN DE LA PUENTE
Director del Museo Español
de Arte Contemporáneo

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org



# A muller na obra de Alberto

Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

**ANTON AGUAYO COBO:**
*Graduado en Historia do Arte, cunha tese encol de «Iconografía e simbolismo en las fachadas renacentistas compostelas». E premio extraordinario fin de carreira. Publicou na revista «Gallaecia», núms. 3/4: «Estudio de una comunidad gitana en Galicia», do mesmo xeito que os artigos referentes ó escultor Alberto en «La Voz de Galicia» e mais «El Socialista».*
*Tanto el coma súa muller, M.ª Dolores Corral, tamén nova e profesora de arte, teñen colaborado co «Ateneo» en excursións artísticas, conferencias e pra acada-la importancia que tivo expone-lo legado artístico do escultor e dibuxante Alberto.*

Facendo un percorrido pola obra de Alberto, unha das cousas que mais chama a atención, é que ó longo de tódalas súas etapas, hai un gran número de mulleres. Aparecen desde moi variadas formas e tipos: maternidades, mulleres castelás, etc.; pro sempre se manteñe coma unha constante.

Pra poder comprender esta reiteración do tema femenino na obra de Alberto, cómpre fixármonos —aínda que sóio sexa de camiño, e denantes de seguir pra diante— nalgúns aspectos da obra do gran escultor.

Nace Alberto Sánchez en Toledo en 1895. Desde moi neno ten que se poñer a traballar. Desenrola os mais diversos oficios. Os doce anos traslúdase a Madrid coa súa familia. Até os quince anos —en que lle aprende un compañeiro de Sindicato— non sabe ler nin escribir. Tenta de ingresar nunha escola de artes e oficios, sendo rexeitado por carecer da cultura mais elemental. Os seus únicos mestres até 1922 son os museos madrileños: O Prado, Arqueolóxico Nacional e de Reproduccións, principalmente. E nesta data que coñece a Rafael Barradas; da súa man vaise adentrando polos camiños da arte europea de vanguardia, dos que o gran pintor uruguayo era excelente coñecedor. Gracias a Barradas é admitido na «Exposición de Artistas Ibéricos», celebrada en Madrid en 1925. En 1926 ou 27, xa feito un artista profe-

sional, funda, xunta Benjamín Palencia, a «Escuela de Vallecas». Tentan de facer unha arte de calidade, que se opuñera ó da chamada «Escuela de París». Frente esta arte internacionalizado, fan mentes na creación dunha arte «nacional» e «popular». Unha arte que afonde assúas raigames na terra, na rispida terra castelá; e que as súas formas sexan as formas que da a natureza: as polas, as pedras, etc. Tentan de facer unha arte é percura dos espacios abertos, coma a grande chaira de Castela.

Como vimos, a cultura artística de Alberto, até 1922, proviña únicamente dos museos madrileños. O museo que mais poderosamente influíu nel, sobre todo no primeiro momento, é o Arqueolóxico. Aquí se gardan un grande número de esculturas ibéricas do «Cerro de los Santos». Alberto pasmou pola forza destas esculturas, de talla dura e tosca ás veces, pro sempre cunha grande cárrega de expresividade, e cun vigor pouco común. O xoven Alberto sentirá poderosamente o influxo formal destas esculturas até 1925. As súas formas, mais ca dun neocubismo proveñen de aquí: do «Cerro de los Santos». Mais tarde troca a súa linguaxe formal, pro a súa esencia fica ó longo de tódala súa vida.

Alberto síntese identificado co artista ibérico, semianalfabeto coma él. Ambolos dous son campesiños, e síntese inmerso nunha sociedade semellante: rural, agrícola, gandeira. O mesmo que este home ibérico, Alberto síntese fondamente relixioso; mais non cunha relixión oficial; estreita. A relixión de Alberto, coma a do home ibérico, era unha relixión primitiva, telúrica, enraizada na natureza, na terra nai, dadora de tódolos froitos e riquezas. E baixo este aspecto que hemos de ve-la concepción que Alberto tiña da muller. Pra el a muller non entra en ningún intre no terreo da sensualidade. Alberto concibe á muller coma a «Dea Mater», do mesmo xeito que aparece nas relixións primitivas. Xa desde o Paleolítico hai unha gran deusa, unha gran nai, principio da fertilidade e da vida. E a «dea genetrix», a deusa nutricia, da que, en definitiva, provén toda vida. E non esquenzamos, por outra banda, que España é un dos países cunha tradición mariana mais abondosa e intensa.

Botemos unha ollada á obra de Alberto. Vemos que un dos temas que toca desde os comenzos, e que se repetirá en tódalas etapas da súa obra; é o da maternidade. Xa desde a súa primeira exposición nos «Ibéricos», até a realizada en Moscú, pasando pola adquirida polo Museo Español de Arte Moderno. E nesta derradeira, se cadra, onda Alberto expresou mais ampla e fondamente o seu concepto da maternidade. O meniño riba do brazo da nai, sae do seo. Mais que sair, afástase unha parte da nai que vai ter vida propia. E un racharse a si mesma pra que xurda unha nova vida. Pro ainda podemos fita-lo burato, inda non pechado, deixado por ese novo ser.

Pro deixemo-las maternidades, cuio tema xa é propicio de seu, prá concepción que Alberto tiña da muller. As demais figuras femeninas cáseque todas teñen un signo común: a pomba. Nalgunha ocasión a figura, en troques de levar unha pomba na man, leva outra ave; mais coido que esto non cambia o senso xeral da obra. E nesta característica que podemos ver de novo a influencia do «Cerro de los Santos» en Alberto. Estas mulleres non son mais cá transposición, a recreación pola poética, sempre viva e xugosa de Alberto, das donas oferentes ibéricas. E a ofrenda dunha sociedade rural, tentando de se propiciar á divinidade. Pro estas novas donas ofrecen sempre a pomba, conscientes do simbolismo que leva consigo esta ave: pureza, mais tamén fecundidade, asemade que paz e armonía. A pomba, portando todo este símbolo, vai ser un elemento importante, fondamental, na obra de Alberto. Aparece pola primeira vez na escultura realizada en 1937 pró pabellón español da Exposición Internacional de París: «El pueblo español tiene un camino que conduce a una estrella». Nesta monumental escultura, realiza Alberto, sen o saber, un auténtico totem. Chega a esta concepción da escultura dun xeito intuitivo, totalmente primitivo.

A pomba rexurdirá en case tódalas esculturas femeninas que realiza na Unión Soviética: Muller da estrela, mulleres castelás, e moitas outras. Mesmo unha destas mulleres castelás metamorfoseouse totalmente buscando da-la ideia da pomba. O pensar nunha muller concebida coma unha pomba, maxinámonos, coa mesma, unhas formas lixeiras, etéreas, flotando no aire, sen precisar, case, toca-lo chan. Así e todo, esta escultura é pesada, maciza, asentada firmemente por unha ampla base. Pra entender esta aparente contradicción, temos que nos decatar dunhas palabras do propio Alberto. Nelas nárranos como, paseando unha tarde de vran polos montes de Toledo, víu chegar uns paxaros; achegándose fitou como os paxaros se transformaban en mulleres, que se acochaban coas súas saias pra se protexer do sol. E nesto que habemos de pensar ó mirar esta escultura: non nunha muller lixeira, etérea, vaporosa, senón nesa muller castelá, abafada polo afogante sol de Castela, que case chega a impedi-lo movimento, e cuia única protección era o seu propio vestido.

Pro a influencia da muller en Alberto non fica aquí. O meu ver, vai moito mais alá. Non se limita a unha serie de figuras femeninas que se van repetindo baixo distintas formas e aspectos; a súa influencia chega á esencia mesma da obra de Alberto.

Fixémonos con tento na escultura «Signo de mujer rural en un camino lloviendo». E nesa obra onde Alberto busca mais decidida e conscientemente o oco, o valeiro activo. Noutras moitas Alberto xoga co oco, mais non é un valeiro buscado, senón atopado; ou noutras ocasións imposto pola limitación dos materiais. Non é este o caso da

obra que estamos a tratar. Aquí Alberto percurao e utilizao dun xeito maxistral. Esta muller campesiña é concebida toda ela, aínda que Alberto nunca o admitira, como un gran sexo femenino.

Pro vexamos, por outra banda, de qué xeito está tratado o material. Esta traballado a modo, con gran minuciosidade e detenimento Cando nos achegamos seméllanos estar ollando a terra castelá; traballada, ferida polos sulcos do arado.

Lembremos agora de novo o título completo desta obra: «Signo de mujer rural en un camino lloviendo». Coido que é aquí que temo-la clave prá perfecta comprensión da obra. Esta a chover nas terras castelás. A choiva é fondamental, e o elemento indispensabel pra enxerma-la terra. Se en tódolos sitios é así, serao dobremente na enxoita Castela.

E agora cando definitivamente podemos entender esta obra, na que están comprendidos os principios vitais do home primitivo:

Terra + Agua = Fecundidade (Sexo Femenino)

A influencia femenina déixase ver en obras tan alonxadas aparentemente da muller coma é: «Pájaro de mi invención hecho con las piedras que vuelan en la explosión de un Barreno». Este paxaro está concebido cuns rasgos femeninos ben acusados. Está dotado de dous grandes seos. Unha vez mais coido que temos que arreda-la ideia de sensualidade da obra de Alberto. Estes peitos son concebidos prá crianza, como fonte de alimento. Este paxaro, construído con pedras, con penedos sen tallar, haino que poñer en conexión coa ideia, xa expresada, de que Alberto vía á muller en relación coa terra. Como principio de fertilidade. Como deusa nutricia. Como principio de vida en definitiva.

## BIBLIOGRAFIA


AZCOAGA, Enrique: *Alberto. Artistas Españoles Contemporáneos*, Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia.

BOZAL, Valeriano: *El escultor Alberto Sánchez*, Cuadernos Hispanoamericanos, setembro de 1965.

BOZAL, Valeriano: *Cinco motivos iconográficos. En España, Vanguardia Artística y Realidad Social*, Gustavo Gili, Barcelona, 1976.

DÍAZ, Xosé: *O escultor Alberto*, Publicaciós do museo Carlos Maside. Ediciós do Castro, 1975.

MARCHÁN FIZ, Simón: «La escultura española de Alberto Sánchez (1895-1962):, *Rev. Goya*, núm. 97, 1970.

MARTÍN, Peter (seudónimo de Luis Lacasa): *Alberto*, Editorial Corvina, Budapest, 1964.

MORENO GALVÁN, José María: «El arte español entre 1925 y 1935», *Rev. Goya*, 1960.

WESTERDAHL, Eduardo: «El escultor Alberto», *Gaceta de Arte*, Tenerife, set.-oct. 1934.



Ateneo Ferrolán
desde 1879
www.ateneoferrolan.org


Hei de sinalar, tamén, que algunhas das ideias expostas no presente traballo fóronme facilitadas polo fillo do escultor Alcaén Sánchez.

Antonio Aguayo


Cobelo

Molduras – Cuadros – Portafotos
Grabados – Bellas Artes

Canalejas, 135
Apartado 56

Teléf. 35 24 71
EL FERROL

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# *As pombas na obra de Alberto*

Pombas, pombas que voan cara o ceo. Son símbolo de Paz, mais, pra min, son tamén o símbolo de toda a obra de Alberto.

Figuras de bronce e, endebén, figuras ingrávidas, que semellan elevarse do chan nun anceio de libertade.

Un soño artísticamente reflexado nese intento de aproximación ao infindo, que é baixar as estrelas ate poñelas nas mans dos homes e mulleres.

Unha arela que latexa en tódolos bronces de Alberto, verdadeira pantasía de valeiros e volumes, ricaz variedade de formas obtidas da propia natureza pra dar feitio ás mulleres, aos touros ou ás fontes, e que, emporiso, ou son a metamorfose da pomba que se amostra doadamente como na serie da muller castelá, ou fica acochada na entrana da escultura, como no oco que no peito materno deixa o neno collido amorosamente pola mai.

Reparade en que a pomba é unha constante na obra de Alberto Sánchez.

Mesmo por eso, aínda que el morrera lonxe, deixóu voar as súas pombas deica nós, con toda a súa inquedanza, delicadeza, amor e expresividade, pra mostrarnos nelas, o que todos nós desexábamos achar.

*Rosa María Cervantes Refoxos*

14 anos

Río Porto, 5 - 7 - FERROL

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204. Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Lembranzas




HOMENAXE A CELSO EMILIO FERREIRO 1979

**Composición de XOAN XOSÉ BRAXE**

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org

# No esta nueva nos vino atravesando el mar

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

**CARLOS ALVAREZ:**

*Poeta castelán, amigo persoal de C. Emilio, que quixo sumarse a esta homenaxe. É un dos poetas —entre os contemporáneos— que máis laitóu coa súa verba, feita exquisita poesía —polas libertades democráticas do pobo español. As súas obras están traducidas a distintos idiomas.*

A Celso Emilio Ferreiro, in memoriam

Suelen ser más longevos los del laurel y el roble.
Se derraman.
despacio por la muerte, sin querer poseerla;
su reino de este mundo
les comunica fuerza, como a Anteo la tierra
que pisan, sí: que aplastan,
sin comprender siquiera lo que ahogan.
No así quien suavemente deshojó los sabores
del día, el amarillo
murmullo de la vida cuando late, la corteza
más blanda de las cosas
para ahondar en la esencia donde ver que uno mismo
paciente se ocultaba.
Y es por eso, tal vez, que el poeta más pronto
se entrega a sus raíces.

Tal era el pensamiento por el que discurría
mi corazón herido,
mientras el tren, ajeno a lo que fuera
contrario a su eficacia
—faciendo yo la vía por el Calatraveño—,
volvía hacia Madrid de Puertollano,
en donde, para hablar de otro mi amigo
que fuera también tuyo: Blas de Otero, entre aquellas
laderas proletarias me encontraba
cuando dio, Celso Emilio, su tañido
por tu voz en silencio la campana

que en mi interior oía.
¡Qué verano tronchado por la sombra del yelo
que acecha en el sopor de madrugada!
Sólo dos veces alcanzó la luna
su plena magia donde canta el nácar
para que Celso y Blas entretejieran
sus florales exequias, el abrazo
—petrificado ya— en que, sabios, resumieron
el pacto, la alianza, lo entrañable
del pueblo y la poesía,
mientras que tú, señor de las tormentas,
¡oh, promotor da noite, oh, canle dos regatos!,
mientras que tú, señor das treboadas,
siguiendo tu costumbre, calas..., calas.

carlos álvarez

**ferrocarril de Puertollano a Madrid,**
**31 de agosto,**
**y Madrid, 2 de Septiembre de 1979**



Banco Simeón
Sala de arte
EL FERROL


# Aproximación ao Home-Poeta

## Celso Emilio Ferreiro

**SIRO LOPEZ:**

***A sua persoalidade como dibuxante se pon en evidencia con varias exposicións, algunhas publicacións e nas súas longas —no tempo— colaboracións nos xornais da nosa Nación, facendo de SIRO o mais incisivo i expresivo humorista gráfico do intre actual, herdeiro (se ben con técnica orixinalisima) por dereito seu do mais grande homorista gráfico deste século, noso benquerido Castelao.***

***E SIRO asimesmo un nada despreciable escritor. Cecáis a faciana menos coñecida e a sua laboura como investigador, poñendo en evidencia as influencias dos caricatos alemáns do grupo Simplicisimus e o noruego Gul Bransonn na técnica de Castelao.***

**Solprendido pola inesperada invitación do Ateneo Ferrolán a participar na redacción deste número do Boletín da sociedade, cun traballo sobor do inesquencibel Celso Emilio Ferreiro, tentarei improvisar no breve espacio que a publicación require, algunhas ideas sobor do home-poeta que eu coñecín ao longo de varios anos de sincera amizade.**

**Renuncio de antemán ás doadas e inutis gabanzas que se adoitan facer logo da morte dos homenaxeados, e que máis parecen corresponder a ese estilo haxiográfico co que se narran as vidas dos santos. Quen coñecese a Celso Emilio, saberá que a súa andadura vital nada tivo coa dos espíritus puros de preocupacións ultraterreas, senón que pola contra, foi a dun home cos pés firmemente calcados no chan e, mesmo por eso, sometido á contradición como cadaquén.**

**O HOME**

**Celso Emilio tiña cando morréu 65 anos e era de estatura media e complexión máis ben rexa. Destacaba nel o cabelo loiro e o bigode da mesma coor. Destacaba tamén no seu rosto un sorriso bulrón**


Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org

compartido nos ollos vivísimos e no rebique dos beizos. Tiña un extrano parecido físico co exemplar Salvador Allende, e gostaba de contar unha anécdota que lle ocurrira no metro de Madrid, cando varios sudamericanos que viaxaban no mesmo vagón comenzaron a ollalo teimosamente e a facer comentarios en voz baixa. O Celso sentiuse incómodo. Disimuladamente botóu man aos botóns da pretina por se acaso levase a gaiola aberta, ollóuse a si mesmo en percura dalgunha anormalidade na vestimenta, limpóuse os fuciños co pano... e os sudamericanos veña a ollalo e a falar entre dentes. De súpeto, un deles achegóuselle pra se disculpar por fitalo daquel xeito tan impertinente e explicarlle que as causas de tan extrano comportamento estaban en que, sendo chilenos exiliados, sentíanse abraiados pola semellanza física que nel atopaban co tristemente desaparecido Salvador Allende.

A risa doada e o brillo bulrente nos ollos do Celso Emilio respondían ao seu extraordinario senso do humor. Celso Emilio gorentábase contando anécdotas e facíao cunha gracia pouco común. Os contos populares e os sacados da vida real divertíano moito. Tanto era así, que no ano 1963 escribíu prá revista «Grial» un espléndido comentario sobor do libro «Contos populares da provincia de Lugo», no que descobre o seu interés pola literatura popular, a fábula, a expresión folclórica, o matiz sicolóxico de cada pobo e, en concreto, do pobo galego.

Coido que resultará ilustrativo traer aquí os párrafos derradeiros daquela nota crítica:

«*¿Qué diremos dos contos de bulras, na súa extensa e variada gama? Aun pobo pobre —máis que pobre, emprobecido— somente lle queda un recurso pra enfrentarse coa desgracia que o abraia: a risa.*

*Dixo non sei quen, que un pobo pode cambear de lingoa se cambea de amo. Galicia —a Galicia rural, que é a auténtica— dende que foi conquerida por Roma, non trocóu a lingoa, porque, en verdade, sempre tivo o mesmo amo: a probeza*».

Polo que respecta ás anécdotas sacadas da vida diaria, podo decir que a morte solprendéu a Celso Emilio cando andaba a arranxar un libro de narracións no que aparecían unha chea de persoaxes curiosos que a sociedade calificóu de «tolos», «parvos» ou «bohemios». Iñoro ate qué punto estaría adiantado este libro, pro o que sí podo afirmar é que tiña recolleito todo o material pra poñerse a escribilo de contado. Incluso nese libro aparecerían algúns persoaxes que foron famosos en Ferrol a comenzos de século, e dos que eu mesmo lle facilitara información. Quizáis os nomes de Federico Antón, Fabián, Lisardo e mamá Adelaida, Cabrera ou Prósper, non resulten descoñecidos pra algún lector. Pois ben, estas «xentes raras» —é decir: diferentes das feitas a troquel— levaríaas o Celso ao seu libro pra tratalas coa cordialidade e o algarimo, que non atoparan na vida real.

Polo que respecta ao tempo de vagar, Celso Emilio era un home que gostaba de vivir intensamente os intres agradabeis e amaba a boa conversa e as xuntanzas amizosas, do mesmo xeito que amaba a soedade na natureza. Era un vitalista e un sentimental, e mesmo por eso «sentía» cos que sofren a inxusticia. Era un home audaz e era un home tímido, e por eso ás veces tamén contradictorio. Tamén era humilde e valoraba a súa obra por baixo do seu verdadeiro valor. Non gostaba demasiado das entrevistas e cando facía un recital sempre remataba por medo a cansar á xente.

1879
Ferrol

Estes son algúns riscos que, ao meu entender, pédense dar como definitorios da súa persoalidade.

## O POETA

Celso Emilio Ferreiro nacéu en Celanova no ano 1914. E se a afiarmación de Ortega de que o home é sempre o resultado de si mesmo e da súa «circunstancia» é asolutamente certa, podemos decir que «a circunstancia» de Celso Emilio veu determinada en gran medida polo seu nacemento: Nacemento en Galicia e nacemento en Celanova.

Cito como primeiro determinante o nacemento galego, porque Celso Emilio saíase membro dunha comunidade social diferenciada, que é a comunidade galega; de ahí que, reflexivamente, por puro raciocinio, chegase á conclusión de que a súa patria era Galicia e que el tiña que ser un patriota galego, un nacionalista galego.

Naturalmente, o concepto de «patria» en Celso Emilio estaba moi alonxado da definición feixista que os estudantes tiveron de aturar nos pasados coarenta anos. Pra Celso Emilio, como pra calquera nacionalista galego, a patria é, sobor de todo, solidaridade sentimental desta comunidade natural que é Galicia.

O segundo determiñante é o nacemento en Celanova, e non porque Celso Emilio Ferreiro se sentise vencellado a esta vila ourensana polo sentimneto e a ollada retrospectiva, pola lembranza emotiva e o coñecemento das cousas e xentes que, a fin de contas, serían semellantes aos de calquera outra vila galega. A importancia de Celanova na vida de Celso Emilio ven dada, sobor de todo, pola influencia que na súa vida e na súa obra exercéu Curros Enríquez.

Así mo explicaba o propio Celso Emilio hai menos dun ano:

«*O meu abó era íntimo amigo e comprade do pai de Curros. Os dous eran notarios, os dous eran carlistas, os dous eran tremendamente dereitistas. Pro foi ao traveso daquel abó como eu herdéi o meu culto a Curros, do que quizáis nacéu a miña vontade de escritor.*»

De xeito que por razón do seu nacemento —da súa circunstancia—, Celso Emilio Ferreiro chegóu a ser poeta comprometido coa causa de Galicia.

Fixo estudos de bacharelato no Colexio dos Escolapios en Celanova e parte da carreira de Dereito en Compostela e Oviedo.

A pesares destes pequenos atributos docentes, Celso Emilio gostaba de considerarse un home de formación intelectual «autodidacta», e afirmaba que adquiría os seus coñecementos diariamente en contacto coa vida e cos homes.

Era un intelectual e, nembargantes, sentía pouca simpatía polos intelectuáis que todo o deprenden nos libros e carecen de ollada curiosa pra ver canto acontece ao seu redor.

Por eso con ironía (que foi sempre un risco característico da sua persoalidade), fixo a «Oración dos Parvos», na que, entre outras cousas, dinos:

*Señor Dios ten piedá dos probes parvos*
*que non sabemos ren de xeometría*
*i embobados na música celeste*
*esquencimos a fórmula*
*do binomio de Newton.*
*Homildemente quixen preguntar*
*preguntas pequeniñas coma seixos*
*sobre os grilos que cantan incansabeles*
*e os amores dos peixes,*
*pero sempre chegaban unhos homes*
*carregados de textos*
*e mazacotes grises sapientísimos,*
*con datas rigurosas, datos certos,*
*horriblemente certos, abafantes...*

Certamente, Celso Emilio era a antítese do home de laboratorio e do poeta de laboratorio. Era o poeta máis antidogmático que ninguén poidera maxinar. As guerras dos «ismos», das distintas correntes esteticistas caínlle por fóra. El era o poeta inspirado que atinaba a decir con palabras xustas e sinxelas aquelo que todos desexaríamos poder decir e arelamos ouvir algunha vez.

Mais se a formación intelectual de Celso Emilio foi en gran parte autodidacta e arrequecida coa observación cotián da vida mesma, non se pode decir o mesmo da súa formación poética. Celso Emilio é unha consecuencia de tradición poética galega e, en concreto, do tránsito entre os séculos XIX e XX.

No intre en que Celso Emilio agroma no eido da lírica galega, estaba moi viva aínda a influencia daqueles poetas galegos de comenzos de século, que, á súa vez, recibiran o alento vangardista europeo e dos máis orixináis talentos da poesía castelá. Efectivamente, as obras de Cocteau, Höllderlin, Paul Valeri, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado ou García Lorca, eran ben coñecidas en Galicia e deixaran pouso nos poetas máis cobizosos de novas fórmulas expresivas. Xunto a estas influencias hai que suliñar a dos nosos troveiros medieváis que viñan de ser redescobertos. Así, poetas da rexa personalidade de Manoel Antonio, Amado Carballo, Bouza Brey ou Noriega Varela, interesaban aos máis novos.

E a carón destas «escolas» máis ou menos consolidadas, das que os nomes citados serían creadores e máximos expoñentes, estaba a que poderíamos chamar do «realismo social» ou «compromiso social», da que Curros e Cabanillas serían figuras sobranceiras, e Luis Seoane, Emilio Pita e Lorenzo Varela, algúns dos máis importantes continuadores.

De ter en conta únicamente a poesía máis coñecida de Celso Emilio Ferreiro —precisamente a máis combativa—, non hai dúbida de que sería na escola do «realismo social» onde haberíamos de encadralo. Mais a variedade temática e a riqueza estilística da súa obra, permite afirmar que Celso Emilio non foi alleo á influencia das outras correntes citadas.

Efectivamente, Celso Emilio móstrase no conxunto da súa obra como un poeta culto e popular, tradicional e vangardista, afervoadamente épico e fondamento lírico... E sempre orixinal. Unha orixinalidade que radica, sobor de todo, no seu xeito de decir, na súa solprendente sinxeleza, que convertía a palabra en vidro transparente e conquería a adhesión íntima do lector.

Siro

(Nadal do 79)

# Catro notas a destacar na poesía de Celso Emilio Ferreiro

Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

**XOSE A. PONTE FAR:**

*Profesor de Literatura do Instituto «Concepción Arenal» do Ferrol. Pola súa profesión é unha persoa moi ligada á literatura, é por afición, un estudioso é coñecedor da Literatura galega. Na actualidade, dirixe este «Cuaderno».*

1.ª *Poesía en lingua galega e prá Galicia.*—Cando E. Emilio tén tan soio 21 anos, 1935, verá a luz a súa primeira publicación, «Cartafol de poesía», escrita xa en galego, aínda que estará lonxe de ofrecer unha perspectiva do quefacer poético que o autor iba desenrolar no futuro. Ven a Guerra Civil e o poeta enfréntase a nova realidade co silencio. Non é él soio o que cala: Galicia enteira enmudece, pois desde 1936 a 1946 ninguéne publica un libro en galego. No caso de Celso Emilio foi éste un silencio maduro e frutífero, pois neses anos maxina e busca formas e actitudes poéticas. E así chegamos ó ano 1954, no que publica a biografía de Curros Enríquez e un libro de poemas, en galego, «O sono sulagado», que é, en realidade, o seu bautismo como poeta importante e definido. Neste mesmo ano, nunha antoloxía «consultada», editada por Fernández del Riego, C. Emilio fai a seguinte confesión estética: «... como o poeta —queira que non— vive no seu tempo, o "quid divinum" do seu oficio consiste en saber interpretalo e ser o seu voceiro... Polo que se refire ós poetas galegos, si queren ser fideles a sí mesmos e á terra, teñen que fuxir da arqueoloxía estéril e do ruralismo pedáneo. Teñen que retorcerlle o pescozo ó reiseñol do lirismo lacrimóxeno, saudoso, vello estilo. En troques, teñen que mergullarse con desesperado esforzo no mundo social da nosa terra, nos problemas vivos do noso tempo, nas angurias das nosas xentes». E o único, entre os poetas galegos que viven en Galicia, que propugna unha estética semellante. Desde este momento, vai tentar a maneira de que cada verso seu sexa afirmación dunha identidade propia, sexa o eco dunha colectividade que sofre, coa que él se sinte identificado: Galicia. Lóxicamente ese verso que loite por Galicia, que sofra con Galicia, que cante simplemente a Galicia, ten que ser escrito en galego. Esta é a liña que, sin concesión de ningún tipo, non abandoará xa nunca C. Emilio. Y éste é un dos seus grandes méritos. Ademáis é perfectamente consciente de que, en Galicia cantar en galego é cantar no idioma dos da baixo, no

idioma proletario. Cantar en galego é xa unha maneira de vencellarse ó sofrimento e as inquetudes do pobo sinxelo.

### DEITADO FRENTE AO MAR...

*Lingoa proletaria do meu pobo,*
*eu fáloa porque si, porque me agosta,*
*porque me peta e quero e dame a gaña;*
*porque mesai de dentro, alá do fondo*
*dunha tristura aceda que me abrangue*
*ao ver tantos patufos desleigados,*
*pequeños mequetrefes sin raíces*
*que ao pór a garabata xa non saben*
*afirmarse no amor dos devanceiros,*
*falar a fala nai,*
*a fala dos abós que temos mortos,*
*e ser, co rostro erguido,*
*mariñeiros, labregos do lingoaxe,*
*remo i arado, proa e rella sempre.*
*Eu fáloa porque si, porque me gosta*
*e quero estar cos meus, coa xente miña,*
*perto dos homes bos que sofren longo*
*unha historia contaa noutra lingoa.*
*Non falo pra os soberbios,*
*non falo pra os ruís e poderosos,*
*non falo pra os finchados,*
*non falo pra os valeiros,*
*non falo pra os estúpidos,*
*quefalo pra os que agoantan rexamente*
*mentiras e inxusticias de cotío;*
*pra os que súan e choran*
*un pranto cotidián de volveretas,*
*de lume e vento sobre os ollos núos.*
*Eu non podo arredar as miñas verbas*
*de tódolos que sofren neste mundo.*
*E ti vives no mundo, terra miña,*
*berce da miña estirpe,*
*Galicia, dóce mágoa das Españas,*
*deitada rente ao mar, ise camiño...*

Galicia, a súa xente, a súa lingua: unha preocupación constante na poesía de C. Emilio, porque é un home que lle quer profundamente a súa terra. Ademáis, pola súa sensibilidade de poeta, non pode sustraerse a beleza destas terras, o que aumenta a saudade e tristura cando se atopa lonxe dela. («O doce otono»). Este amor entrañable que sinte pola súa terra, esta identificación con toda ela é o que leva a escribir un poema coma este («Eiquí será»).

### EIQUI SERA

**A memoria de Aquilino Iglesia Alvariño**

*Quero morrer eiquí (cando me chegue*
*a hora da viaxe que me agarda).*
*Eiquí niste silencio*
*de pombas arroladas,*
*niste vento que dorme nos piñeiros*
*un profundo soño de arelanzas.*
*Quero morrer eiquí con ollos postos*
*no fumegar das tellas, na borralla*
*do tempo, frente a frente*
*de min, aberta a ialma*
*aos latexos das horas, nunha tarde*
*ateigada de arpas.*
*Van a veñen as nubes viaxeiras,*
*as anduriñas pasan.*
*O pandeiro da chuvia*
*repenica unha maina*
*melodía de outono,*
*que no roncón do río se acompasa.*
*Quero morrer eiquí. Ser sementado*
*nesta miña bisbarra.*
*Finar eiquí o meu cansancio acedo,*
*pousar eiquí pra sempre as miñas azas.*

Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rua Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

2.ª *O compromiso como estética.*—Como xa se poibo intuír, polo que levamos dito e sobre todo polas propias palabras do poeta, Celso Emilio entende a Poesía como un medio de expresión e comunicación activo, directo, que debe servir pra sumerxir ó lector no mundo social da súa terra: «Ser dun tempo e dunha terra. Eis é o segredo da poesía más humán e verdadeira». Esta sentencia de S. Quasimodo encabeza «Longa noite de pedra», como unha máxima definidora da poesía do propio Celso Emilio.

Esta forma de entende-la Poesía dérase nos anos cincoenta na Poesía castelán, en poetas tan significativos como Blas de Otero, G. Celaya, Eugenio de Nora, etc., cos que coincide C. Emilio, pero totalmente en solitario dentro da poesía galega: neses anos, os poetas galegos que aquí viven adícanse a escribir unha poesía trovadoresca, de corte medieval, entusiasmados na tarefa de crear fermosas coberturas pra contidos insignificantes. C. Emilio, non. El é o primeiro poeta que propón unha estética distinta. Pensa que a Poesía debe ser crítica, que se debe protestar por medio do verso, que debe ser un arma belixerante, un berro de inconformismo. A Poesía debe crear desacougo no esprito do que a lea. Esta é a liña maestra que guía a Poesía de C. Emilio, que asume o seu papel de poeta social, de poeta de denuncia das condicións

inxustas polas que pasan un país é as xentes que o habitan.

## A POESIA E VERDADE

*Un procura a verdade*
*por tódolos camiños, baixo as pedras,*
*nas raigames escuras das olladas,*
*máis alá das escumas i os solpores.*
*Busco a verdade en ti, rexa poesía*
*dos homes que labouran,*
*taito real das cousas*
*que están e son, anque ningún as vexa.*
*Home total,*
*que vas e ves sin sombra polas rúas*
*e tes a túa verdade nos curutos*
*do mundo, no profundo da historia,*
*na esperencia dun día calisquera,*
*e non ves os paxaros nin as nubes*
*nin as lonxincoas maus do vento dondo*
*que acariñan o mundo dende sempre.*
*Investiga a verdade do teu tempo.*

3.ª *Poesía humá e verdadeira*.—E esta unha característica definidora, casi por sí sola, da poesía de C. Emilio, consecuencia lóxica da súa forma de concebi-la Poesía. No centro de tódala obra latexa a preocupación polo home que sofre e aparece sempre a solidarización cos seus sofrimentos. E a voz de C. Emilio un apoio moral pras desgracias dos que sofren a Historia, porque, por un lado chora con eles ás súas miserias, e por outro protesta, berra, denuncia esas situacións. Esto, que tamén se da noutros poetas casteláns e galegos (éstos posteriores a él), podería ser unha postura, un aceno, un testimonio, como o foi nalgúns daqueles poetas. Pero non. En C. Emilio é verdade, responde a súa propia condición humá. Na poesía de C. Emilio hai algo que fai á Poesía grande, do tipo que sexa, e gustos aparte. Hai autenticidade. Así ve él a realidade que ten diante de sí, así pensa sobre ela, así a ve e así o escribe. Esta autenticidade foi o que fixo que a súa poesía fose asumida e devorada pola xuventude. Os seus versos foron, e son, leídos, consumidos i espallados pola xuventude, que soe ou adoita percatarse moi ben das cousas verdadeiras. E unha voz auténtica, i esto exprica suficientemente o seu éxito.

Aludía antes a que no centro de todo está o home e o seu entorno. Ese home é, indudablemente, o home galego (ou un certo home galego) e o entorno é Galicia.

Pro non por eso a poesía de C. Emilio é unha poesía «rexionalista» «localista» ou «ruralista». O poeta é capaz, a través de modelos concretos, de identificarse con todos aqueles ós que canta. Por exemplo, cando escribe «o monólogo do vello traballador» nós vemos, primeiramente, que é o canto a un traballador galego, porque está escrito en galego. Pro tamén sabemos que é o canto de calquera proletario castelán, inglés ou armenio. E por esto polo que a poesía de C. Emilio adquer carta de universalidade por ser tan humá e tan próxima a todos.

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204. Ferrol
www.ateneoferrolan.org

## MONOLOGO DO VELLO TRABALLADOR

*Agora tomo o sol. Pero até agora*
*traballéi cincoenta anos sin sosego.*
*Comín o pan suando día a día*
*nun labourar arreo.*
*Gastéi o tempo co xornal dos sábados,*
*pasóu a primavera, veu o inverno.*
*Dínlle ao patrón a frol do meu esforzo*
*i a miña mocedade. Nada teño.*
*O patrón está rico a miña conta,*
*eu, á súa, estóu vello.*
*Ben pensado, o patrón todo mo debe.*
*Eu non lle debo*
*nin xiquera iste sol que agora tomo.*
*Mentras o tomo, espero.*

4.ª Por último, quixera resaltar outras notas presentes tamén na poesía de C. E. que, aunque non tan esenciais e definitorias da súa obra, axudan a definila e a entendela. Trátase da sensación de angustia, de inquedanza, de malestar, de desacougo interno que deixan entrever moitos dos seus versos. E a consecuencia loxica da súa preocupación por Galicia, do seu compromiso, da súa solidaridade co home traballador. Loita e porfía coa palabra, pero ás veces desespérase. Son os momentos da dúbida, do desánimo, do escepticismo ou da tristeza.

Pero as arelas de vivir, de ser útil, de axudar coa súa palabra, fai que en tódolos libros de C. Emilio alumee unha luz de espranza, que son ganas de confiar no futuro.

## AIRE PURO

*O aire puro da mañá procrama*
*o seu dereito a entrar en cada casa.*
*¡Abrelle as portas, patria!*
*¡Dálle os teus seos, alma!*
*Deixa ise tufo acedo que te abafa,*
*esquece istas mortallas,*
*estiña as túas bágoas,*

*fala,*
*canta,*
*arrumba a desespranza,*
*non deixes que te aldraxen; aldraxa.*
*Onte non. Pensa nas albas*
*que han de vir, ponlle cerco ás lembranzas*
*que te atan.*
*Deixa entrar a mañá crara*
*na túa casa.*

José Antonio Ponte Far




# A CELSO EMILIO FERREIRO, bardo dunha Terra.

**XOSE LOPEZ, GOMEZ:**
*Natural e veciño de Negreira (Coruña), xoven poeta que compaxina o seu traballo de administrativo de Rexistros cunha entrega seria á creación poética en lingua galega. Un poeta que ten moito que decir e que de seguro contribuirá, dada a súa autenticidade, ó enriquecemento da nosa Literatura.*

*E de promo*
*vestiuse o teito da craridade inmensa.*
*Trocouse a luz en anguriosa noite*
*nunha Terra...*

*Escoitamos,*
*ainda,*
*a traveso da conversa das letras,*
*espranzas dunha fala de nós todos,*
*as tuas voces limpas coma orballos,*
*nas escondidas follas*
*dese libro —teu— calquera*
*que nos deixas.*

*Perguntamos*
*por que,*
*e non sabemos...*

*Chora a Patria valeira.*

*Tras da reixa do vidro*
*xaz, moi frio, o marbre do teu corpo*
*envolto no amor dunha bandeira.*

*¡Canto mensaxe, esvaido a tua morte,*
*roubou a morte negra!*
*¡Como te chora a vida feita povo*
*ao longo das colleitas!*
*¿Qué probe luz alumiará os vieiros*
*onde os fillos da Terra,*

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204. Ferrol
www.ateneoferrolan.org

concencia e ser, camiñen
na búsqueda incansabel
da tua esencia?

Pronto,
pronto será a morte do teu corpo,
intima misturanza, Patria e terra...

Unha fotografía

moi vella,
descansará pousada e descorida
na nostalxia do tempo,
adormiñada nese po dos recordos...

e a vida moverase
baixo o control de xelo dos reloxios,
entre o sono e o día,
entre pranto e cantiga.

A nós xa por sempre
quedaranos
a tua alma traducida a nosa lingoa.

Xosé López Gómez

# Homenaxe ó Celso Emilio Ferreiro, con algunhas verbas súas

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org

**XOAN XOSE FERNANDEZ ABELLA:**
*Mestre de E.X.B. e licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Do 66 ó 72 emigrante en Venezuela. Poeta e máis escritor. Publicou «POEMAS GALEGOS» e a obra «INQUIETUDES, HALLAZGOS Y OTROS POEMAS» en 1976. O poema editado neste «CUADERNO» foi lido cando participou nunha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, que organizou o «ATENEO», creado expresamente pró acto. Colaborou tamén cando rendimos tributo póstumo a Blanco Amor.*

Fuche leal, Celso Emilio Ferreiro,
a ti mesmo i á terra. A nai Galicia
-mundo social, problemas, inxusticia-
achou en ti intérprete e voceiro.

Nunca se conformou co pequeneiro
teu corazón, sedento de xusticia,
i en combati-lo mal sentiu ledicia,
critico, solidario e xusticieiro.

Pois tiveche-lo soño sulagado,
longa noite de pedra no costado
i á caste dos ananos que aturar.

No teu verso da ira a voz se escoita
mais a do amor é facho da tua roita,
é alba, Celso Emilio, nese mar...

Xoan Xosé Fernández Abella

Ortigueira 27 outono 1.979



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# BLANCO AMOR: escritor prá xente

Ateneo
Fundado en 1879

**M.ª LUZ COUCEIRO HEREZ:** *Profesora de lingua galega no Instituto «Concepción Arenal» do Ferrol. Xoven rapaza que sempre está disposta —coma cada dia na aula— a facer algo positivo por Galicia e a súa lingua.*

Neste Cuadernos do Ateneo non podía faltar, por moitas razóns, a presencia dun escritor galego que adicóu os seus meirandes esforzos á cultura do noso país. Deixándonos, sobre todo, dúas novelas: «A Esmorga» e «Xente ao lonxe», que cecáis teñamos que catalogar entre os dous ou tres acertos de máis entidade creadora da nosa lingua no eido da narrativa. Fefirímonos a Eduardo Blanco Amor, nado en Ourense no ano 1897 e finado en Vigo ó finaliza-lo ano 1979.

Blanco Amor emigróu aínda moi novo a Buenos Aires, onde desenrolóu un intenso labor cultural. Fundlu alí o «Teatro Popular Galego», pró que escribiría a maior parte da súa obra dramática. Foi, como él dí, «autodidacto académico, máis o primeiro que o segundo». Na súa amistade con Vicente Risco alcontraría a súa vocación literaria.

Deixando a un lado a súa importante obra en castelán, Blanco Amor creóu unha obra poética formada por: «Romances galegos» (1921-1928), «Poema en catro tempos» (1931) e «Cancioneiro» (1956). A primeira das obras citadas púxoo en contacto coa Xeneración do 27, chegando a ter unha gran amistade con Federico García Lorca. Blanco Amor correxiría a ortografía e métrica dos «Seis Poemas Galegos» do autor granadino.

A partir de 1936 a súa obra será fundamentalmente en prosa: «A Esmorga» (1959), «Os Biosbardos» (contos pré xente) (1936), «Xente ao lonxe» (1972) e «Teatro prá xente» (1974).

Foi o noso escritor, sobre tódalas cousas, un novelista, un gran novelista galego, enraizado fondamente na Terra, e ó mesmo tempo, universal. Tanto na «Esmorga» como en «Xente ao lonxe», amáis dos valores puramente narrativos, amósase unha intencionalidade socioló-xica, presente con máis forza na segunda novela. En «Xente ao lonxe» hai unha intencionalidade analítica dos factores sociis e políticos que conforman unha cidade galega dos anos 20 —neste caso Ourense— e do imposible encontro e reconciliación das clases sociais típicas das grandes vilas do país: Por unha banda, o mundo a medias proletario e a

medias campesiño, e pola outra, a alta e media burguesía castelánfalante.

E, sin embargo, este autor foi rexeitado, dalguha maneira, en determinados sectores, por non se lle ter considerado un escritor social. Cecáis fose debido á súa non adscripción a un partido político determinado.

Pro nós temos que reivindicar aquí a súa característica de escritor comprometido. Sobre todo nuns Cuadernos do Ateneo, xa que esta sociedade trouxo a Blanco Amor pra dar unha conferencia nesta cidade. E non esquenceremos a declaración de principios que este home fixo no salón de actos do Instituto Femenino. Declaración que poderemos tamén alcontrar no prólogo das súas obras.

Blanco Amor escribe, ou tenta de escribir «*prá xente*», prá esa prá esa xente «o noso pobo que agara e nós non sabe ben qué, e á que temos a obriga de considerar tal cal é, pra axudalos dende o ponto de vista galego, a ser como terían que ser» (Prólogo e «Teatro prá xente»).

Este anceio estará sempre presente na súa obra en galego. No prólogo de «Xente ao lonxe» o novelista sitúase nidiamente, ó afirmar que a súa novela é, sobre tódalas cousas, un experimento de linguaxe (concepto de lingua, de literatura pró pobo) e, polo tanto, «un certo empeño patriótico-social», facendo fincapé no aspecto patriótico, «rescatando este vocablo do seu inerte significado escolar e do desgastado énfase retórico». Compre, polo tanto, que tentemos de reparar dalgún xeito as inxusticias que pesaron e pesan sobre o noso gran novelista: por unha banda, a crítica erudita négalle ese popularismo do que el se sentía tan satisfeito; pola outra banda, algúns sectores politizados do noso país esquenceron dun xeito inxusto o seu servicio i entrega á tarefa civil de erguer e conciencia-la nosa Terra.

E certo que a súa angueira de escribir «prá xente», de facer literatura pró pobo, sabemos todos que non é labor doado e que moi poucos escritores chegaron acadar esa meta. E certo tamén que o seu galego non é académico nin normativo, pro dubidamos moito que se lle poida aplica-lo termo de popular.

Pro as súas novelas e as farsas de «Teatro prá xente» son vida, nelas latexa a realidade galega, e nelas latexa tamén un fondo anceio patriótico de servicio i entrega ó país e á lingua, que Eduardo Blanco Amor amósa amar por enriba de tódalas cousas.

M.ª Luz Couceiro Hérez

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



# Dixo o bardo menhir...

**ALVARO PARADELA:**

*«Pois non aparece no Espasa». Galego da Cruña desde 1911. Escritor bilingüe. (Varios premios). Hoxe, médico rural. Esceptiquiño. Nin mesmo na honradez das pechaduras cree (da mesmo na honradez das pechaduras cree. Pusúa autobiografia). Publicou «La Rosa que canta», «Esquelete espritoal dun home»; «Asimetria glandular»; «Biografia de un Don Nadie»; «La realidad se llama Caín»; «Heces afrentosas»; «Ontes é hoxe ainda»; «Líneas paradelas»; «Pues soy hombre»; «Cuentos de violencia intelixente», e «Sabencias», etc. Se cadra, estes escritos e poemas inéditos sexan, cáseque, as súas derradeiras creacións.*

án 1879

Nos nosos tempos o bardo Menhir dixo: Iste meu carballo vai vello e canso. Deixo as miñas landras nos vosos miolos mozos e sangue.

O bardo Menhir dixo: Hai «vida viva» e «vida enferma»; e vida enferma é a nosa vidiña, galegos. Enferma.

O bardo Mennir dixo: Eu non podo falar-cantar ben da miña Terra; porques eu a quero...: a quero millor, plusquamperfeuta.

O bardo Menhir dixo: O carro de bois do noso País está parado. E os bois siguen quedos, remoendo, remoendo. E son horas doutras horas.

Menhir, o bardo, dixo: Non vos desboto, nen moito menos. Pero o pobo, o noso pobo, écase ainda castreño. ¡Ai, cántas alancadas fanlle falla pra poñerse ó día do mundo, pra poñer ó día a sua noite! Dóeme que apenas arelen millorar...

Nos noso tempos o bardo Menhir dixo: ¿Cánddo, cándo tí erguerás cabeza, Galiza, Terra Nosa, Terra Adourada? Xugada estás, que xugos tés. ¡Pero, ai, tí mesma, de tí mesma, érelo xugo!

O bardo dixo: As leises do Mundo están feitas diste xeito: «Non esperar nada de ninguén». Tudo por min mesmo, por tí mesmo; por nós mesmo... ¡Por nós mesmos, congalegos, hirmaus!

O bardo dixo: Unha cousa cousela son os galegos das factorías;

outra moi outra, os galegos do campo. Eu sempre que falo, falo do labrego... ¡Son eslabós ceibos! ¡Ouh se axeitaran vincallos!

Dixo o vello bardo: O galego fai como os nenos e os país dos castiviños: ¡Bótanlle todas as culpas as pedras-croios e lameiros dos camiños! E sentencioso falóu: ¡Ou as arredrades ou brincades dun pulo baril, ou as arrincades como un home home!

Dixo o bardo Menhir: Ista, ista é a Nova Visión Mental dos nosos Males: ¡Cangarnos a nós mesmos as culpas. E curarnos... sen panos quentes! ¡Co traballo unido, coa Unión e común amor a Terra Nai!

Dixo o bardo Menhir: Sempres tiven e sostiven a teoría de que os probes son uns doentes da ialma. Por iso, os sanos... emigran. Pro os sanos teñen que se quedar acó pra, como Xefes, ser guieiros i endereitar a moitedume de probes de esprito.

Nos nosos tempos o bardo Menhir cantóu: Hai «vida vida» e «vida enferma»: e pra vida enferma a nosa... Ai, iste voso carballo vai vello e canso. E quer deixar as suas fortes, fermosas e vivas landras, nos vosos miolos mozos e no voso sangue bermello i estoupante mal, ruínmente encamiñada...

O bardo rematóu: Estamos nos tempos. Os tempos son chegados.

Alvaro Paradela

Ferroltera

# Novo Celtismo: Novo Druismo

«Patria de lo profundo es el ayer:
nuestro padre y destino.»

Fundado en 1879

I. Cara o profundo da nosa ialma, como galegos, arelamos ir a chegar.

(Confesemos, primeiro, que andamos descontentos, espritualmente, por insuficinte, do noso hoxe.)

II. Queremos remontar o río do noso hoxendía deica os noso orixes históricos, no que se poida. Deica... as fontes primixenias. Pra ser i estar máis amplamente galegos. Ciar, camiñar, denantes da nosa decadencia, moito denantes dos séculos feudalistas, e aínda máis de Prisciliano. Sen rexeitar, repetimos, o noso presente encarados a un outro vindeiro socioespritual millor. Imos cara a un novo celtismo, a un novo druidismo: país nosos esprituales valerosos e fortes. Un exempro recén vivido nos aforrará palabriñas:

III. Fai xa anos (once), celébrase baixo o trisecular «Carballo de Quián» (Pazo de Souto, Begonte; Lugo), unha misa cristián. O ar libre, baixo o ceo, baixo a sua nobre testa follosa. E isto, co que conleva, é o que propoñemos e arelamos.

IV. Eisperimentade, como fixemos nós, isto tal nas bisbarras óndia viva un bon carballo, un Carballo Real, un carballo histórico popular. Háinos. Engadiredes, de facelo, ó arbre galego da vosa ialma, unha ponla máis. O voso arbre espritual breogánico terá, simpresmente por iso, unha causa o razón histórica racional e sentimental máis e millor. Estaremos máis pertos das fontenlas do noso pasado. Dos nosos devanceiros. Pois nos afondaremos e afundiremos nos nosos ontes milenarios. Unha vez máis: dista maneira amáis de ser hoxeistas e vindeiristas polas aportaciós i evolución fillas do trabajo e progreso —¡que en maneira algunha desbotamos!—, sumaremos unha ponla, unha páxina máis boa e fermoseira, ó Libro do Noso Esprito.

V. Desexamos ser máis fonda e anchamente galegos.

VI. Facede o eisperimento: non é caristioso: concelebrace, como hirmaus da Matria Gallecia, Mater Galiza, unha vez o ano, no vran, na data das festas, p. ex., ou un outro calquera día —domingo, como en Begonte— ista devoción anterga dos druídas-celtas.

VII. Moi atentamente vosos, fradernos baixo a Nai Galiza.

Grupo Bárdico Galego

## NOTULAS (Pra quen o teña por méster)

BARDO.—Poeta dos devanceiros celtas. (Etimo, «bardá», poeta; cantor lírico; cantor lírico i épico. En certo modo: guieiro).

CARBALLO.—Variedades galegas de «roble», «encina». Arbre sacro dos celtas. Oficiaban baixo a sua follaxe. Moitos simbolismos, estudados hoxe polos centíficos e folkloristas, por mor das suas virtudes: forteza, lonxevidade, pararaios, cerna, grandiosidade.

CELTA.—«Keltia». Pobo antergo da Europa occidental. Principalmente asomados o balcón Atrántico.

DRUÍDA.—Sacerdote dos devanceiros galos e britanos. Celtas, craro o celta. (Etim, de *derv.*, que nominaba a encina, robre, carballo; como aitualmente «derviche», monxe musulmán político-relixioso).

DURIDISMO.—No sustancial: culto naturalista. Simbolizado no carballo. (Pola sua grandiosidade, forteza, edosidad secular, corazón-cerna; distinguido por «Zeus-Pater» co seus raios...). Era como un deus vexetal. Valía como a unión antre os profundos (raices), a terra (tronco), e o ceo: ponlas acobadadas e follaxe: como brazos pregadores.

O culto foi sempre nouturno. Co crecente, coa Lua Chea. (Había, como sublimaciós, sagrificios de sangue, que o cristianismo eliminóu co «sagrificio incruento da Misa»).

# ¡Adeus, Deus...!

# CARTA A DON DEUS

## (Sarxento Maior)

Ferrolán
1879
Rua Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

«Falóu Dom Deus:
Eu che din a Vida para que a vivas.
Sómentes. ¡Vivea!
A Creación da Intelixencia
foi un erro das miñas Maus
no meu barrento Alfar...»
«¿E por qué pago eu, Siñor,
as consecuencias?» —dixo un Home.

*«Outisimo Siñor Dom Deus:*
*Pois... poño no Seu Superior Conocemento*
*que o Sarxento Deus, TI, Vostede, meu Siñor.*
*os homes vanlle sacando os galós...*
*E Vostede Dom Deus sen os galós*
*é a sombra dun Don Ninguén.*
*Pois, craro, un Sarxento degradado... non é nada.*
*¿Qué Fas, qué Pensas*
*no Pazo Azú dos Teus loceiros?*
*Pois resulta... que o home ten descoberto*
*diques moito máis poderosos*
*que os que fan os teus castores;*
*balenas de vapor*
*moito máis longas que as túas da mar;*
*e raios máis potentes que o teu Raio;*
*paxáros moito millores que os Teus...;*
*bulran a tan anterga*
*forzosa maternidade con píldoras;*
*matan máis xente dunha cagadiña*
*que Ti con tudos os teus ciclós ou huracáns.*
*Siñor Sarxento Maior na*
*nacionalidad internacional das Galaxias:*
*Os Homes te van sacando os galós*
*tal tiras de pelexa*
*á tua velliña guerreira douro...*
*Dime: ¿Qué pensas Ti*
*nas agachadas covas dos Teus Ceus?*
*E nembargantes, Dom Deus, eu Te quero...*
*Vai un bico no peteiro dun avión*
*e unha fonda aperta nun Sputnik.*

Danel Labrego

# Blas de Otero

**JOSE LUIS CANO:**

*Licenciado en Filisofía e Letras, e máis en Dereito. Subdirector da revista «Insula». Membro de honor da «Hispanic Society». Vicepresidente do «Pen Club Español». Profesor de poesía española nas universidades de California, Middlebury e Albany. Crítico, escritor de escolmas poéticas e tamén poeta. Ten obras publicadas encol de poesía, crítica i ensaio; biografías e máis antoloxías poéticas. Como poeta envíanos este poema inédito á morte de Blas de Otero.*

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

«Avanzando, cayendo, avanzando».
BLAS DE OTERO

*Quiero hablar con un hombre:*
*hablo con Blas de Otero.*

*Escucho su andar grave,*
*su apresado silencio.*

*En su lenta palabra*
*tiembla, puro, su verso,*

*y en sus manos paradas*
*late un río sereno.*

*Como campanas suenan*
*sus palabras. Toledo*

*las oye desde el Tajo*
*—va desnudo su pecho—.*

*En Avila y Segovia*
*son lágrimas ardiendo,*

*en Zamora acarician*
*la cintura del Duero,*

*y en León, en San Marcos,*
*lloran por su maestro,*

*un poeta que llaman*
*Francisco de Quevedo.*

*Callan en Sierra Aitana,*
*y al callar suena el sueño*

*de otra España, que aún*
*contemplamos de lejos.*

*Aún pide su palabra*
*la paz y el claro reino*

*del hombre y la justicia,*
*el clamor del obrero.*

*Avanzando va España,*
*avanzando y cayendo.*

*Un golpe la derriba*
*justo en medio del pecho,*

*a traición, pero ella,*
*contra marea y viento,*

*ciervo herido, ira pura,*
*sigue avanzando, abriendo*

*ventanas y cerrojos,*
*pozos ciegos y puertos*

*cerrados para el mar,*
*para el aire y el fuego*

*que han de dar libertad*
*al hombre verdadero.*

*Con Giner y Machado,*
*con Lorca y con Vallejo,*

*al final, en la luz,*
*la espera Blas de Otero.*

José Luis Cano

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Colaboracións

# ¿«A OTAN: Solución ou problema pra España»?

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

**LUIS OTERO FERNANDEZ:**
*Excomandante do Arma de inxenieiros. Fundador da U. M. D. Diplomado en electrónica e informática. Aparellador. Xunto ANGEL ROJO (fillo do xeneral Vicente Rojo, xefe do Estado Maior do Exército da República, inxenieiro civil con estudios militares no extranxeiro e membro da Xunta do Consello Español da Paz) son defensores do desarme i están contra da intervención da OTAN en España. Levan pronunciadas moitas conferencias-debate encol deste tema, o que fixo posible a súa presencia na nosa «Tribuna».*

Os que defenden o ingreso de España na OTAN, ben desde dentro (Goberno, UCD, CD), ou desde fora (Estados Unidos, Alemania Federal, etc.), acostuman partir nas súas argumentacións, duns principios que consideran evidentes a priori, e porén ceibes de demostración ou razonamento, pra, desde aquí, elaborar unha serie de motivos prá urxente e ineludible presencia española na Organización Atlántica.

Aínda que esta serie de motivos tamén é doadamente desmontable, eu coido que onde o asunto erra de raíz, é, xusto, neses principios presentados como indiscutibles. I estes son —desenrolados a moso de siloxismo— os seguintes: España pertenece ó mundo occidental (tamén chamado «libre»), este mundo occidental ten un enemigo obvio (o marxismo) na doble vertiente: externa —Pacto de Varsovia— e interna —subersión—, pró que ten unha panacea infalible —OTAN—; logo, a España non lle cabe máis alternativa ca se defender do enemigo do mesmo xeito, co mesmo remedio.

Pro o que sucede na realidade é que nin ese enemigo é tan claro, nin os perigos son pra todos os mesmos, nin os intereses dese «mundo occidental» coinciden cos dos pobos que o forman, nin a OTAN é ningunha defensora de cotadiños, e nin tan siquiera sirve esa organización pró que di estar concebida.

O certo é que a OTAN é un organismo en crise, de carácter dabondo agresivo e non defensivo, e cunha hexemonía total nela dos Estados Unidos nos niveis políticos, económicos e militares; con tres clases de socios: de primeira (USA) mediáns (R. F. A., Gran Bretaña, etc.), e

currobias (Portugal, Turquía, etc.), e cunha finalidade clara e terminante de mante-los sistemas económicos capitalistas dos seus membros.

España, este país con mil problemas internos acuciantes, cun sistema político incipiente do que o rodaxe está a costar tan grandes esforzos, con problemas de defensa moi concretos (norte de Africa, illas Baleares, Canarias), e cunha necesidade ineludible de afronta-la reforma ideolóxica, orgánica e técnica das súas Forzas Armadas —tan identificadas coa pasada dictadura—; esta España real: ¿ten, de feito, algo que ganar xuntándose a unha organización desas características?

Pro inda mais: non sóio se trata de que non conquiramos nada con semellante decisión, senón tamén do moitísimo que podemos perder se chega o día no que sexamos membros plenos da OTAN.

En primeiro termo, supoñería a renuncia a dispor dunha estratexia defensiva propia; é decir: a ter un exército é medida das nosas necesidades, pra te-lo, en troques, á dos intereses da Alianza, que nin siquera son os de Europa. Esto levaría consigo a inseguridade no que se refire á defensa do propio territorio, dun sistema non protagonizado por nós, coa lóxica dificultade pra desenrolar unha auténtica conciencia defensiva no pobo, que non entendería ser movilizado lonxe da súa terra, e que se sentiría máis ben atemorizado que defendido por medios tan arriscados coma os nucleares.

Amais desto, esta modelación dos nosos recursos militares segundo o patrón da OTAN arrastraría outro efecto de gran alcance: a irreversibilidade do paso dado. De feito, nuns exércitos de mar e aire desenrolados na sofisticada tecnoloxía da súa actuación oceánica e continental, un exército de terra de segunda clase, pro con unidades de élite dispostas pra actuaren no centro de Europa, xenerarían toda unha gama de necesidades, de medios, que levarían a dispoñer dunha industria e dunhas importacións de difícil transformación posterior.

Eso nos revela outro aspecto verdadeiramente negativo da integración: o elevadísimo coste que supoñería —se cadra— até duprica-los nosos actuais presupostos de defensa.

¿E de qué xeito valora-lo feiti innegable da hostilidade que nos ganaríamos entre os países do este europeo (cos que non temos ningún contencioso, nin necesidade de o ter)?

Paradóxicamente, unha das razóns que aducen os partidarios da nosa entrada na OTAN; a pretendida integración en organismos internacionais que crebara os nosos pasados aillamentos, tradúcese, pola contra, en enfrentamentos cun abondante conxunto de nacións. Sen esquencer que a OTAN non supuxo nunca unha cobertura política nin diplomática prós seus membros; véase, onda non, os casos de Portugal, grecia ou Turquía, que nunca conqueriron saíren de súa pobreza nin da súa marxinación, no concerto internacional, nin poideron conqueriren ningunha solidaridade dos demais membros da OTAN nas súas guerras domésticas, nin nos seus períodos de dictadura, pra se ceibar delas.

¿Poderíamos esquencer, nesta rápida enumeración, do que sinifica o «privilexio» de ter que acoller no oso territorio depósitos de armas nucleares, tema éste de plena actualidade na Alianza Atlántica; e como consecuencia lóxica, se ser obxetivo preferente prás dous presuntos enemigos?

¿Pódese, cun mínimo de seriedade decir que contribuimos á paz e ó equilibrio mundiais inzando o número de países alineados prá guerra? A paz só se prepara con medidas de paz, endexamais con tódolo contrario.

Certamente, decisións erradas pódense tomar arreo, pro resulta especialmente duro ter que as admitir como inevitables como consecuencia duns intereses políticos claramente partidostas e de tan estreita e pechada mentalidade.

Luis Otero Fernández

Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# CAIXA DE AFORROS DE GALICIA

## AREA DO FERROL

SERVICIO ESPECIAL PARA NEGOCIOS
Y ESTABLECIMIENTOS COMERCIALES.




La mayoría de los negocios hacen su recaudación importante por la tarde. O por la noche. Cuando los bancos están cerrados. Y surge el problema de dónde guardar la recaudación.

La solución se la ofrece el Banco de Bilbao. Y se llama "Caja Fuerte Permanente".

Usted tendrá una pequeña bolsa, donde caben billetes, talones e incluso monedas. Cuando cierre su establecimiento, sólo tiene que acercarse a la Oficina más próxima del Banco, abrir la Caja Fuerte con la llave especial que también le daremos y depositar su bolsa, que desaparecerá al instante.

Por la mañana, el dinero estará a su disposición e incluso, si lo desea, lo ingresaremos diariamente en su cuenta corriente.

La solución, por su simplicidad y eficacia, ha sido adoptada por miles de negocios. El Banco de Bilbao ofrece gratuitamente todo el servicio. Y también quiere ofrecérselo a usted.



**Caja Fuerte Permanente.**

BB

BANCO DE BILBAO

c MMLB Banco de Bilbao 76 B AUTORIZADO POR EL BANCO DE ESPAÑA CON EL N.º 11.235



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



**Banco Simeón**
Sala de arte

EL FERROL

EN PRO
DE LA CULTURA GALLEGA

POLO REXURDIMENTO DA CULTURA POPULAR

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org